

Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo

2017

2020

XUNTA DE GALICIA

Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
ESTRATEGIAS EUROPEA E ESPAÑOLA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO	6
A SINISTRALIDADE LABORAL EN GALICIA	11
A ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA DEDICADA Á PRL EN GALICIA	20
ÁMBITO TERRITORIAL E DESTINATARIOS	28
DESENVOLVEMENTO TEMPORAL, VIXENCIA E RÉXIME ECONÓMICO	29
REVISIÓN DA ESTRATEGIA	30
OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS, LIÑAS DE ACTUACIÓN E MEDIDAS	31
AVALIACIÓN DA ESTRATEGIA PARA A PRL EN GALICIA 2011-2014	58

INTRODUCCIÓN

A Constitución Española, no seu artigo 40.2, encomenda aos poderes públicos a función de velar pola seguridade e hixiene no traballo, como un dos principios reitores da política social e económica.

No ámbito da Unión Europea, a Directiva 89/391/CEE, do Consello, ten por obxecto a aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde dos traballadores e traballadoras no traballo. Esta Directiva inclúe principios xerais relativos á prevención dos riscos profesionais e á protección da seguridade e da saúde, á eliminación dos factores de risco e accidente, á información, á consulta, á participación equilibrada de conformidade coas lexislacións e/ou os usos nacionais, á formación do persoal e dos seus representantes, así como ás liñas xerais para a aplicación dos devanditos principios.

A Directiva 89/391/CEE traspúxose ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. Esta lei ten por obxecto promover a seguridade e a saúde das persoas traballadoras mediante a aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos derivados do traballo. Nesta norma tamén se incorporan os compromisos contraídos coa Organización Internacional do Traballo (OIT) a partir da ratificación do Convenio 155, sobre seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras e medio de traballo, que enriquecen o contido do texto legal ao incorporar as súas prescricións e darlles o rango legal axeitado dentro do sistema xurídico español.

Para tales efectos, a lei de prevención de riscos laborais establece os principios xerais relativos á prevención dos riscos profesionais para a protección da seguridade e da saúde, a eliminación ou diminución dos riscos derivados do traballo, a información, a consulta, a participación equilibrada e a formación dos traballadores e das traballadoras en materia preventiva, nos termos sinalados na propia norma.

Para o cumprimento dos devanditos fins, a devandita lei regula as actuacións a desenvolver polas Administracións públicas, así como polo empresariado, os traballadores e traballadoras e as súas respectivas organizacións representativas.

Por outra banda, o artigo 19.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, sinala que o traballador, na prestación dos seus servizos, terá dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

O artigo 149.1.7 da Constitución Española atribúelle ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución por parte das comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 29, epígrafe 1, que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral.

A prevención de riscos laborais e a seguridade e saúde no traballo son aspectos de extrema importancia na sociedade na que nos atopamos, e unha mala xestión neste eido supón danos que en ocasións son de difícil ou imposible reparación. Entre estes danos non se atopan unicamente os accidentes laborais e as enfermidades profesionais dos traballadores e traballadoras, senón tamén elevados custos empresariais, perda de competitividade e conflictividade laboral nas empresas.

Polo exposto, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia resulta imprescindible dispoñer dunha estratexia de seguridade e saúde no traballo que desenvolva coherentemente e de xeito coordinado as políticas e as actuacións en materia de prevención de riscos laborais que se exercen no noso territorio, de acordo co marco normativo e competencial antes sinalado.

Tanto o Goberno galego como os interlocutores sociais teñen o firme compromiso de colaborar na consecución duns mellores niveis de seguridade e saúde no traballo para os traballadores e as traballadoras, así como da mellora da calidade da xestión no eido da prevención de riscos laborais, co fin de reducir a sinistralidade laboral no ámbito da nosa comunidade autónoma.

Dende a aprobación da lei de prevención de riscos laborais as empresas galegas teñen levado a cabo inversións, esforzos e avances para procurar condicións de traballo máis idóneas para a protección da saúde, un esforzo que supón melloras de moi diverso grado, nos procesos de produción ou prestación de servizos, e que ademais incide nun importante aforro en prestacións asistenciais e económicas, entre outros beneficios directos e indirectos para o Sistema de Seguridade Social.

Malia o anterior, a diagnose do estado da sinistralidade laboral en Galicia xustifica a aprobación desta Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2017-2020, co fin de mellorar a saúde e o benestar das persoas no lugar de traballo, previr os danos profesionais e en consecuencia reducir o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais que se producen no noso territorio.

Ademais de dar continuidade ás accións iniciadas durante a vixencia do anterior plan estratéxico, coa aprobación desta estratexia 2017-2020 cómpre implementar novas accións co fin de responder aos novos retos con que nos atopamos no momento actual en canto á seguridade e saúde no traballo se refire

De acordo coa normativa de aplicación, a política en materia de prevención de riscos laborais terá por obxecto a promoción da mellora das condicións de traballo dirixida a elevar o nivel de protección da seguridade e a saúde dos traballadores e das traballadoras no traballo.

Esta estratexia vincúlase co Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, contribuíndo ao obxectivo estratéxico OE.1.3.05, relativo a acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuíndo a conflictividade e a sinistralidade laboral.

Asemade, cómpre tamén relacionala coa Axenda 20 para o Emprego da Xunta de Galicia, iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Secretaría Xeral do Emprego. No terceiro reto da Axenda, “O emprego de calidade como elemento clave da competitividade de Galicia”, inclúese como medida mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo para potenciar a calidade do emprego a través da execución da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo, con especial atención aos riscos emerxentes e impulsar o ISSGA como órgano técnico na materia.

Na execución da estratexia teranse en conta os principios de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e non discriminación, de acordo coa normativa de aplicación vixente na materia. Desenvolveranse actuacións específicas en sectores e actividades feminizados, e teranse en conta os riscos específicos das mulleres nas situacións de embazaro, parto recente e lactación. Ademais, as estatísticas de sinistralidade laboral que se elaboren ao abeiro desta estratexia terán en conta a variable “sexo”, co fin de analizar a diferente incidencia dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais en mulleres e homes.

MARCO COMPARADO: ESTRATEXIAS EUROPEA E ESPAÑOLA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

As estratexias autonómicas en materia de seguridade e saúde no traballo deben ser, necesariamente, coherentes cos instrumentos que se desenvolvesen no ámbito europeo e estatal na mesma materia. O Marco estratéxico da UE en materia de seguridade e saúde no traballo e a Estratexia española de Seguridade e Saúde no Traballo son o marco común e compartido das accións que deben desenvolver os gobernos da Unión Europea, do Estado e as Comunidades Autónomas, e os interlocutores sociais, dado que orientan as iniciativas e a promulgación de nova normativa ou a modificación da normativa existente.

A coherencia mencionada ten reflexo na estrutura das estratexias autonómicas vixentes ata este momento, que, en maior ou menor medida, reflicten os obxectivos da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2015-2020. Tívoise en conta a devandita estrutura para organizar os obxectivos e liñas da presente estratexia, adecuándoa ás competencias e capacidade da administración galega, así como ás características específicas da Comunidade Autónoma de Galicia. As accións e medidas que se concreten para o desenvolvemento das liñas propostas deberán completar a devandita adecuación para adaptala á realidade sociolaboral actual e futura de Galicia.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, a prevención de riscos laborais e a seguridade e saúde no traballo presentan unhas características e peculiaridades propias que veñen dadas en grande medida pola realidade empresarial do noso territorio, onde se conta cunhas estruturas empresariais na súa meirande parte de Pemes e microempresas, o que require dun tratamento específico.

Deste xeito, durante os anos 2015 e 2016 a Xunta de Galicia, co impulso da Consellería de Economía, Emprego e Industria e do seu órgano técnico, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, ven traballando na elaboración da presente estratexia. Para isto, tivéronse en conta as propostas realizadas, no marco do diálogo social, así como as das persoas expertas en seguridade e saúde laboral das diferentes especialidades preventivas, e as achegadas polas distintas entidades que integran o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

MARCO ESTRATÉXICO DA UE EN MATERIA DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO 2014-2020

No mes de xuño de 2014 publicouse unha comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, relativa a un Marco estratéxico da UE en materia de saúde e seguridade no traballo 2014-2020.

Tras realizarse un avance da situación actual, neste marco estratéxico indícase que os principais retos comúns a toda a Unión Europea son os seguintes:

- Mellorar o historial de aplicación dos Estados membros, en particular mediante o reforzo da capacidade das microempresas e as pequenas empresas para poñer en marcha medidas efectivas e eficaces para a prevención do risco.
- Mellorar a prevención das enfermidades relacionadas co traballo combatendo os riscos existentes, novos e emerxentes.
- Combater o cambio demográfico.

Mellorar o historial de aplicación dos Estados membros

Na comunicación da Comisións faise referencia a que os enfoques para a aplicación práctica da lexislación en materia de saúde e seguridade en o traballo difiren dun Estado membro a outro. Refléctese, en particular, no grao de cumprimento dos requisitos nas empresas privadas e nos organismos públicos, nos diferentes sectores de actividade económica e nos diferentes tamaños de empresa.

Na maioría dos casos, para as microempresas e as pequenas empresas, o ámbito de aplicación e a eficacia da xestión da saúde e a seguridade no traballo seguen constituíndo un reto particular. As pequenas organizacións seguen tendendo a cumprir en menor medida a lexislación tanto nacional coma da UE e notifican menos medidas para a xestión da saúde e a seguridade no traballo que as grandes.

Deste xeito, precísase de solucións máis sinxelas e eficaces para ter en conta a situación das Pemes e microempresas e garantir así a protección eficaz da saúde e a seguridade dos traballadores en todos os lugares de traballo, con independencia do seu tamaño. Para iso é necesario simplificar a lexislación cando proceda e proporcionar orientación e apoio personalizados ás microempresas e ás pequenas empresas, de xeito que se lles facilite a avaliación do risco.

Mellorar a prevención das enfermidades relacionadas co traballo

A Comisión sinala que a mala saúde relacionada co traballo, incluídas as enfermidades causadas ou agravadas polas malas condicións laborais, supón unha pesada carga para os traballadores, as empresas e os sistemas de seguridade social.

Se ben o benestar no traballo e as condicións laborais melloraron substancialmente grazas ás novas tecnoloxías e ás numerosas innovacións na organización do traballo, a prevención eficaz das enfermidades relacionadas co traballo require anticiparse para os posibles efectos negativos desas novas tecnoloxías na saúde e a seguridade dos traballadores.

A aplicación industrial de novas tecnoloxías dá lugar a novos produtos e procesos, que deben ser sometidos a ensaio e verificados na medida suficiente como para garantir que son seguros e que non presentan riscos graves para os consumidores nin para os traballadores. Os nanomateriais son un exemplo diso, xa que poden ter propiedades únicas que poden requirir

novos métodos de ensaio da toxicidade e ferramentas para a predición do risco dende a fase de desenvolvemento do produto en diante, co fin de ter debidamente en conta todo o relacionado coa seguridade.

Tamén é necesario abordar outros riscos emerxentes relacionados co desenvolvemento das biotecnoloxías e as tecnoloxías verdes.

Combater o cambio demográfico

A comunicación da Comisión incide en que a poboación da UE está a envellecer: o número de persoas de sesenta anos ou máis aumenta cada ano en máis de dous millóns. A poboación activa tamén está a envellecer, xa que a proporción de traballadores de máis idade en activo aumenta con respecto á de traballadores máis novos. Segundo as proxeccións de poboación de Eurostat (Europop 2010), espérase que, na Europa dos vinte e sete, a poboación activa de entre 55 e 64 anos aumente en torno ao 16% entre 2010 e 2030.

Para acadar unha vida laboral sostible e un envellecemento activo e saudable, é preciso que os traballadores teñan saúde e seguridade, habida conta, en particular, do envellecemento da poboación activa e a prolongación da vida laboral. Para iso é necesario crear un ámbito seguro e saudable ao longo de toda a vida activa dunha man de obra cada vez máis diversificada. O fomento dunha cultura da prevención é esencial para logralo.

Deste xeito, para prolongar axeitadamente unha carreira profesional é moi importante adaptar como é debido o lugar de traballo e a organización deste, incluída a xornada laboral, a accesibilidade do posto e as intervencións dirixidas aos traballadores de máis idade. Para facer fronte ás cambiantes capacidades dos traballadores a causa do envellecemento, tamén é importante desenvolver a empregabilidade ao longo de toda a vida. Diversos produtos e servizos innovadores no ámbito das TIC (por exemplo, o “traballo” asistido pola contorna) ofrecen unha ampla gama de posibilidades de mellora da empregabilidade. Ademais, son precisas medidas de reintegración e rehabilitación que permitan que os traballadores volvan ao traballo rapidamente tras un accidente ou unha enfermidade, co fin de evitar a súa exclusión permanente do mercado de traballo.

Obxectivos estratéxicos clave

Co obxecto de responder de xeito global e transtemático aos tres retos expostos, a Comisión propón unha serie de accións, agrupadas en sete obxectivos estratéxicos clave, para ser implementadas ou desenvolvidas en estreita colaboración cos Estados. Estes obxectivos estratéxicos son os seguintes:

1. Seguir consolidando as estratexias nacionais.
2. Facilitar o cumprimento da lexislación en materia de saúde e seguridade no traballo, en particular por parte das microempresas e as pequenas empresas.

3. Mellorar a garantía de cumprimento da lexislación en materia de saúde e seguridade no traballo por parte dos Estados membros.
4. Simplificación da lexislación vixente.
5. Xestión do envellecemento da man de obra, os novos riscos emerxentes e a prevención de enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas con o traballo.
6. Mellorar a recollida de datos estatísticos e desenvolver a base de información.
7. Coordinar mellor os esforzos internacionais e da UE para xestionar a saúde e a seguridade no traballo e colaborar con organizacións internacionais.

ESTRATEGIA ESPAÑOLA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO 2015-2020

O Consello de Ministros, reunido o 24 de abril de 2015, aprobou a Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2015-2020, consensado previamente pola Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e os Interlocutores Sociais.

Esta Estratexia é o marco de referencia das políticas públicas en materia de seguridade e saúde no traballo ata 2020 e, polo tanto, orientará as actuacións das institucións competentes e con responsabilidade en prevención de riscos laborais dos próximos anos.

Sectores e actividades con maior risco

En xeral, considéranse prioritarias aquelas ocupacións nas que se produce unha alta sinistralidade e requiren a implantación das actuacións oportunas, especialmente en canto á análise e avaliación das causas e factores, información e formación dos traballadores afectados e adopción de medidas preventivas orientadas a eliminar ou minimizar os riscos.

O sector da construción, a pesar da significativa redución da sinistralidade experimentada dende o ano 2000, continúa sendo o que presenta un maior índice de incidencia, superando en máis do dobre a media dos índices sectoriais. Séguese o sector da industria cun valor tamén superior á media e, por debaixo, os sectores agrario e servizos.

As actividades con maiores incidencias son: a silvicultura e explotación forestal, pesca e acuicultura dentro do sector agrario; as industrias extractivas, a fabricación de produtos metálicos, as actividades de descontaminación e xestión de residuos no sector industrial; a enxeñaría civil en Construción; e as actividades relacionadas co transporte no sector servizos.

En relación coas enfermidades profesionais, as ramas de actividade con maior incidencia, que superan amplamente o valor medio, son a fabricación de vehículos de motor; a extracción de antracita, hulla e lignito; a metalurxia e a industria do tabaco; e a fabricación de produtos metálicos.

A estratexia española tamén fai referencia de forma expresa aos trastornos musculoesqueléticos, substancias perigosas, traballadores vulnerables e colectivos específicos, factores organizativos e psicosociais, riscos emerxentes, hábitos de vida, e Pemes.

En concreto e en relación aos riscos emerxentes, os expertos prevén a aparición de efectos derivados das novas tecnoloxías nos campos da información e comunicación, biotecnoloxías e enxeñaría xenética, robótica, nanotecnoloxías e novas enerxías. As tecnoloxías da información e comunicación producirán a curto prazo lugares de traballo máis flexibles, oficinas virtuais e teletraballo. De forma específica, e en relación coas nanotecnoloxías, é necesario promover a investigación, seguir os avances realizados por grupos de investigadores do noso ámbito, detectar colectivos e actividades expostas a estes riscos e establecer programas regulados de vixilancia dos traballadores expostos.

Por outra banda, indícase que determinados hábitos de vida poden poñer en risco a seguridade e saúde do propio traballador e a de terceiros. É preciso o desenvolvemento de políticas públicas que incida no benestar da poboación en xeral, e que fomenten hábitos de vida saudables e preventivos, tanto laborais como extralaborais.

Finalmente, as estatísticas de sinistralidade laboral reflicten unha maior prevalenza dos accidentes de traballo nas Pemes. Esta circunstancia débese a unha menor concienciación sobre a importancia da prevención de riscos laborais, ao maior descoñecemento das disposicións legais que lles son esixibles, así como á menor dispoñibilidade de recursos humanos e materiais. Por todo iso, tendo en conta o elevado número de Pemes que configura o noso tecido empresarial, deben incluírse como unha prioridade nos programas de actuación en materia de seguridade e saúde no traballo.

Obxectivos específicos

A estratexia española contempla catro obxectivos específicos en materia de seguridade e saúde no traballo, que son os seguintes:

1. Mellorar a eficiencia das institucións dedicadas á prevención de riscos laborais.
2. Potenciar actuacións das Administracións públicas en materia de análise, investigación, promoción, apoio, asesoramento, vixilancia e control da prevención de riscos laborais.
3. Promover, coa participación dos Interlocutores Sociais e as Comunidades Autónomas, a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, especialmente en sectores, actividades, colectivos e empresas de maior risco.
4. Fortalecer o papel dos interlocutores sociais e a implicación dos empresarios e traballadores na mellora da seguridade e saúde no traballo.

A SINISTRALIDADE LABORAL EN GALICIA

Ao longo do período 2011-2014, de vixencia do anterior plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia, producíronse ou consolidáronse cambios xa iniciados, tanto na situación sociolaboral xeral como na xestión da prevención dos riscos laborais, ao tempo que outros aspectos permanecen case inalterados, polo que se fai necesaria a revisión de certas prioridades e obxectivos, e o reforzamento doutros, xa formulados, que non acadaron as metas desexables.

Por unha banda, descenderon de forma moi importante tanto os accidentes laborais coma as enfermidades profesionais con baixa e, consecuentemente as xornadas de traballo perdidas por estas causas. Este descenso é xeral, pero acentúase máis nas actividades económicas máis afectadas pola crise, como é o caso da construción e da industria. Malia estes datos, durante os anos 2014 e 2015 produciuse un incremento na sinistralidade laboral en Galicia, incremento que xa con datos de 2016 parece frearse, polo que cómpre desenvolver as políticas públicas en materia de seguridade e saúde no traballo axeitadas para reconducir a situación e volver á tendencia descendente. Ao mesmo tempo, e malia a crise económica, afianzouse o incremento da forza laboral feminina na poboación traballadora, co resultado de que dende o ano 2012, o número de enfermidades profesionais corresponde maioritariamente a mulleres.

Por outra banda, dado o elevado grao de desemprego entre as persoas máis novas, a sinistralidade nos estratos de menor idade consolidou a súa redución, xa manifestada no anterior plan estratéxico, aínda que coa contrapartida do envellecemento da idade media da poboación laboral, o que pode ter como consecuencia unha emerxencia dos problemas de saúde que se xeran durante períodos longos (problemas musculoesqueléticos e enfermidades profesionais en xeral).

Algo similar acontece coas persoas traballadoras doutros países, cuxa importancia relativa descendeu de forma importante, sendo agora moito menos preocupante a súa incidencia no conxunto da accidentabilidade laboral, máxime se se ten en conta a concentración dunha parte importante deles no sector da construción, cuxa actividade e índices de sinistralidade son os que máis descenderon.

Pola contra, a saúde laboral das persoas traballadoras por conta propia segue sendo un aspecto pendente (pois non lles é de aplicación máis que unha moi pequena parte do corpus normativo en materia de prevención de riscos laborais), polo que cómpre incidir neste eido a través das políticas públicas en materia de prevención de riscos laborais que se desenvolvan dende a Administración autonómica.

Na estrutura produtiva española e galega seguen tendo un peso importante as Pemes e as microempresas, nas que, a pesar do importante esforzo de desenvolvemento de integración da prevención que supuxo o instrumento Prevención.10, pola súa escaseza de medios e coñecemento en materia preventiva, segue sendo necesario o apoio das institucións tanto para o cumprimento da normativa como para a concienciación da importancia e necesidade dunha

xestión axeitada co obxectivo de desenvolver empregos saudables e de calidade. Neste aspecto, a externalización das funcións preventivas segue sendo unha materia pendente no noso país, que se sitúa nos niveis máis baixos da Unión Europea na utilización de recursos propios.

É importante, polo tanto, continuar reforzando o concepto da integración, non só no sistema de xestión preventiva, senón nas propias persoas, persoal e mandos e a súa participación activa naquel. Ademais, e malia as reformas normativas tendentes á mellora dos servizos prestados polas entidades especializadas, as prácticas xa implantadas, e a calidade dos instrumentos xa desenvolvidos (avaliacións dos riscos, planificación preventiva, etc.), continúan facendo precisa unha revisión e mellora dos instrumentos de xestión da prevención na maioría das empresas, especialmente nas Pemes e microempresas, con especial énfase nos sectores máis atomizados e nos que existe tradicionalmente unha menor cultura da prevención, como os de agricultura, gandaría e pesca, nos que xa se está a desenvolver un intenso labor de formación e sensibilización, que debe continuar.

Transcendendo o ámbito particular de cada empresa, a nivel sectorial, e salvo en determinados convenios colectivos xerais faise necesaria tamén a promoción da integración preventiva na negociación colectiva, por parte dos interlocutores sociais.

No ámbito de actuación das Administracións Públicas, máis alá dos deberes recollidos nos artigos 7 e 10 da lei de prevención de riscos laborais, e en prol dunha maior eficiencia, segue sendo preciso un esforzo para mellorar a coordinación dos seus recursos e as súas actuacións, atendendo ao artigo 11 da devandita lei, incluíndo tamén a planificación e formulación das súas políticas e o intercambio da información necesaria para o desenvolvemento destas. Neste sentido, en que se xa se están a desenvolver mecanismos de colaboración cada vez máis estreitos, especialmente coa administración sanitaria, é preciso intensificar o contacto e cooperación coa administración industrial e a educativa, pechando o círculo de autoridades que, no desenvolvemento das súas respectivas competencias, poden contribuír á mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo.

A coordinación entre administracións debe complementarse coa coordinación destas con outras institucións (interlocutores sociais, asociacións e colexios profesionais, mutuas, servizos e sociedades de prevención), que dado que interveñen tamén no ámbito da prevención de riscos laborais, teñen unha clara influencia na calidade, eficacia e eficiencia desta.

En canto ás causas dos accidentes laborais e das enfermidades profesionais, prodúcese a paradoxal situación de que, mentres xorden riscos novos sobre os que non se dispón de información abondo, pola aplicación de novas tecnoloxías ou a utilización de produtos e substancias novos, continúan sen resolverse problemas ben coñecidos dende hai tempo: a carga física segue sendo a principal causa de sinistralidade (1/3 dos accidentes e 2/3 das enfermidades profesionais); como a silicose ou a hipoacusia profesional continúan tendo unha incidencia importante; caídas de altura, accidentes con tractores e apeiros, atrapamentos, cortes e amputacións derivados da eliminación de resgardos, caídas de árbores, accidentes de tráfico en misión, etc.

En case todas as actividades produtivas séguense a producir accidentes característicos, de orixe ben coñecida e que non se xustifican co estado actual da técnica e do coñecemento. É moi importante nestes casos manter ou incrementar as accións de formación e, sobre todo, de sensibilización, complementadas cun control e vixilancia do cumprimento da normativa, especialmente naqueles sectores ou actividades produtivas con maiores índices de sinistralidade, e con labores de análise e asistencia técnica.

Existen outros riscos, que non son novos, aos que cómpre prestar máis atención, como son os derivados dos factores psicosociais, cuxa dimensión non se coñece con certeza. Aínda que nos últimos anos comezouse a traballar neste campo da psicosocioloxía aplicada, son aínda moitas as empresas que non avaliaron os riscos deste tipo, e o descoñecemento sobre a influencia do cruzamento destes factores con outros, como a carga física por exemplo, é case absoluto. Existen desigualdades importantes nas condicións de traballo entre mulleres e homes, o que comporta desigualdades na exposición aos riscos laborais e os efectos na saúde reprodutiva e a maternidade, en parte froito da segregación horizontal .


Sobre estes riscos xa coñecidos pero pouco estudados, e os riscos derivados de novos produtos e tecnoloxías, é preciso un mellor coñecemento que proporcione as pautas e medidas axeitadas para o seu control. Este coñecemento pode obterse da investigación teórica e da investigación e análise das condicións de traballo, e das súas repercusións, mediante unha vixilancia efectiva da saúde dos traballadores e traballadoras individual e colectiva, incluída a post-ocupacional. A vixilancia da saúde laboral mellorou progresivamente, adecuándose cada vez máis ao seu obxectivo real, e aos termos do apartado 3 do artigo 37 do Regulamento dos servizos de prevención, polo que pode, e debe, ser un dos instrumentos fundamentais na adquisición do coñecemento e na formulación de medidas preventivas eficaces.

O coñecemento adquirido debe transmitirse, e neste sentido, a formación e información considéranse instrumentos preventivos esenciais. En todos os niveis no ámbito laboral, dende o persoal ao empresariado, as Administracións públicas, os interlocutores sociais e outros axentes, poden complementar eficazmente as accións a que obriga a lei de prevención de riscos laborais e incluír ademais iniciativas dirixidas a colectivos non afectados por esta, como as persoas traballadoras por conta propia, ou o importante estrato da infancia e da xuventude, que dende as primeiras etapas educativas poden ir consolidando unha sensibilidade e uns coñecementos esenciais para o seu futuro como traballadores e traballadoras.

En definitiva, aínda que a redución de accidentes laborais e enfermidades profesionais con baixa foi moi significativa nos últimos anos, cómpre manter e afondar nos procesos de mellora continua das condicións de traballo que propicien ámbitos de traballo non só seguros, senón tamén saudables, e que consoliden os logros obtidos de maneira que non xurda un repunte na sinistralidade cando se produza a reactivación económica. As medidas de sensibilización, no ámbito laboral e no da sociedade en xeral, deben apoiar esta consolidación creando unha conciencia preventiva xeral.




No cadro seguinte figuran os accidentes laborais en xornada ocorridos en Galicia entre os anos 2005 e 2016, con indicación do índice de incidencia (número de accidentes por 100.000 traballadores):

Anos	Accidentes de traballo	Índice de incidencia
2005	48.002	5.928,58
2006	48.568	5.771,03
2007	51.843	5.919,51
2008	50.363	5.793,69
2009	39.499	4.769,41
2010	36.912	4.571,34
2011	31.141	3.948,34
2012	23.657	3.150,98
2013	22.366	2.972,87
2014	23.214	3.079,45
2015	25.163	3.271,75
2016	24.994	3.185,65




Como se indica no seguinte cadro, o índice de incidencia de accidentes en xornada diminuíu considerablemente entre os anos 2009 e 2016, tanto nos accidentes leves, graves e mortais:

Ano	Leves	Índice incidencia leves	Graves	Índice incidencia graves	Mortais	Índice incidencia mortais	Totais	Índice incidencia totais
2009	38.877	4.694,31	548	66,17	74	8,94	39.499	4.769,41
2010	36.234	4.487,37	614	76,04	64	7,93	36.912	4.571,34
2011	30.616	3.881,77	473	59,97	52	6,59	31.141	3.948,34
2012	23.130	3.080,78	482	64,2	45	5,99	23.657	3.150,98
2013	21.901	2.911,07	418	55,56	47	6,25	22.366	2.972,87
2014	22.726	3.014,71	429	56,91	59	7,83	23.214	3.079,45
2015	24.708	3.212,59	397	51,62	58	7,54	25.163	3.271,75
2016	24.441	3.115,16	496	63,22	57	7,27	24.994	3.185,65



No ano 2016, o número de accidentes laborais ocorridos en xornada en Galicia segundo o sexo do accidentado foi o seguinte:

Leves			Graves			Mortais			Total
Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	
16.966	7.475	24.441	407	89	496	55	2	57	24.994



Atendendo ao sector no que se producen e a súa incidencia, obtéñense os seguintes datos de 2016:

	LEVES	GRAVES	MORTAIS
Agricultura	3.524,26	169,73	15,43
Pesca	5.326,46	311,43	64,43
Industria	5.789,22	87,29	8,89
Construción	5.726,33	173,15	10,19
Servizos	2.199,43	33,88	4,28
Total	3.115,16	63,22	7,27

Continuando co índice de incidencia, a continuación indícase a seu impacto en ámbito provincial:

	Leves	Graves	Mortais
A Coruña	3.298,44	54,63	6,46
Lugo	2.767,18	65,36	14,76
Ourense	3.271,31	62,15	6,34
Pontevedra	2.960,96	73,59	5,92
Total	3,115,16	63,22	7,27

Na seguinte táboa amósase o número de accidentes laborais en 2016 diferenciando se ocorreron en xornada de traballo ou “in itinere”, diferenciando por sexo:

	Leves		Graves		Mortais	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
En xornada de traballo	16.966	7.475	407	89	55	2
In itinere	1.031	1.697	33	34	5	0
Total	17.997	9.172	440	123	60	2

A continuación indícase o número de accidentes en xornada por sector de actividade e gravidade ocorridos en Galicia no ano 2016:

	Leves	Graves	Mortais	Total
Agricultura	1.142	55	5	1.202
Pesca	992	58	12	1.062
Industria	7.163	108	11	7.282
Construción	2.811	85	5	2.901
Servizos	12.333	190	24	12.547
Total	24.411	496	57	24.994

En canto ás enfermidades profesionais, na táboa seguinte indícanse os partes con baixa notificados diferenciado o sexo e a provincia:

	Nº partes		
	Home	Muller	Total
Coruña (A)	84	138	222
Lugo	26	21	47
Ourense	67	54	121
Pontevedra	202	223	425
Total	379	436	815

A continuación indícase o número de enfermidades profesionais con baixa notificadas durante o ano 2016, diferenciándose por sexo e grupo de clasificación:

	Nº partes		
	Home	Muller	Total
Grupo I	14	4	18
Grupo II	255	325	580
Grupo III	7	49	56

Grupo IV	86	10	96
Grupo V	16	48	64
Grupo VI	1	0	1
Total	379	436	815

- Grupo 1: enfermidades profesionais causadas por axentes químicos
- Grupo 2: enfermidades profesionais causadas por axentes físicos
- Grupo 3: enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos
- Grupo 4: enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros puntos
- Grupo 5: enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros puntos
- Grupo 6: enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos

Nota: Os datos de sinistralidade laboral de 2015 e 2016 obtivéronse dos boletíns publicados polo ISSGA no mes de febreiro de 2017

Polo exposto, con datos de 2016 e segundo a información obtida do Observatorio Galego de Condicións de Traballo (obtención dos datos o 01/02/2017), se comparamos a sinistralidade laboral rexistrada ese ano coa rexistrada en 2015, atopámonos con que se produce unha redución no número de accidentes de traballo que chega ao -0,67%.

	Leves		Graves		Mortais		Totais		
	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016	% Var.
Agricultura	1.247	1.142	61	55	3	5	1.311	1.202	-8,31
Pesca	947	992	36	58	10	12	993	1.062	6,95
Industria	7.124	7.163	95	108	13	11	7.232	7.282	0,69
Construción	3.038	2.811	76	85	10	5	3.124	2.901	-7,14
Servizos	12.352	12.333	129	190	22	24	12.503	12.547	0,35
Total	24.708	24.441	397	496	58	57	25.163	24.994	-0,67

Segundo a información obtida do Observatorio Galego de Condicións de Traballo, obtéñense os seguintes datos respecto dos accidentes de traballo:

- A sinistralidade laboral diminuíu en Galicia un -0,67% durante o ano 2016, cun total de 24.994 accidentes laborais en xornada fronte aos 25.163 de 2015.
- Se temos en conta o índice de incidencia, isto é, o número de accidentes por 100.000 traballadores, a diminución elévase ata o -2,63%.
- O 97,80% dos accidentes son leves, o 1,97% son graves e o 0,23% son mortais (57). Os accidentes leves e os mortais diminúen un -1,08% e -1,72% respecto a 2015; en tanto que os accidentes graves aumentan un 24,94%.

- O 50,21% dos accidentes rexístranse no sector servizos; séguenlle a industria co 29,14%, a construción co 11,60%; a agricultura co 4,80% e a pesca co 4,25%.
- A sinistralidade diminuíu lixeiramente en todas as provincias agás na Coruña en que aumentou un 1,08%: diminuíu en Lugo un -3,22%, en Ourense un -4,01%, e en Pontevedra un -1,09%.
- Por sectores, o número de accidentes diminuíu na agricultura -8,31%, e na construción un -7,14%. Por contra aumentou no sector servizos un 0,35%, na industria un 0,69%, e na pesca un 6,95%.
- En canto aos accidentes de traballo “in itinere”, aumentaron un 1,27% durante o ano 2016.

A ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA DEDICADA Á PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN GALICIA

No ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia existen diferentes órganos administrativos con competencias en materia de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo.

Estes órganos, que se poden diferenciar en órganos de dirección e xestión e órganos de participación, son os seguintes:

ÓRGANOS DE DIRECCIÓN E XESTIÓN:

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

A Consellería de Economía, Emprego e Industria é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral, que engloba as competencias, entre outras, en materia de política laboral, relacións laborais e seguridade e saúde laboral.

Estas competencias exércense a través dos seguintes órganos:

Secretaría Xeral de Emprego

Correspóndenlle á Secretaría Xeral de Emprego, como órgano superior da Consellería de Economía, Emprego e Industria, as funcións de dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de seguridade e saúde laboral e, en concreto, o exercicio de funcións en materia de prevención de riscos laborais.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde no Traballo, organismo autónomo adscrito organicamente á Consellería de Economía, Emprego e Industria, configúrase como un órgano técnico da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais. A lei que crea e regula o instituto contou co acordo no eido do diálogo social en Galicia.

Correspóndelle ao instituto a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

O instituto ten a súa sede na cidade de Santiago de Compostela, e conta cun centro de seguridade e saúde no traballo en cada unha das catro provincias galegas. Estes centros configúranse como órganos do instituto de ámbito territorial provincial aos que lles corresponde o desenvolvemento das funcións propias deste no seu ámbito territorial.

O instituto estende súa actuación a todas as empresas e á totalidade das persoas traballadoras, respecto dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as Administración públicas e o persoal ao seu servizo. Así mesmo leva a cabo actividades de promoción da prevención de riscos laborais en relación cos traballadores e as traballadoras por conta propia e co conxunto da poboación, prestándolles especial atención ás actividades de prevención dirixidas ás pequenas e medianas empresas (Pemes).

O ISSGA ten encomendadas as seguintes funcións:

- Analizar, investigar e avaliar as causas e os factores determinantes dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, establecendo un carácter sectorial e territorial, abordar o seu estudo preventivo e propor, de ser o caso, medidas correctoras.
- Coñecer, tratar, elaborar e difundir os informes e os datos estatísticos sobre sinistralidade laboral e condicións de traballo.
- Elaborar, promover e desenvolver programas de investigación sobre métodos e técnicas de seguridade e saúde no traballo.
- Promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, co obxecto de detectar e de prever as posibles situacións nas que os danos derivados do traballo poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras.
- Asesorar tecnicamente para a elaboración e a reforma da normativa en materia de seguridade e Saúde no traballo e mais elaborar recomendacións sobre condicións de traballo dos grupos especiais de risco.
- Prestarlles colaboración, asesoramento técnico e coordinación á autoridade laboral, á Inspección de Traballo e Seguridade Social e mais ás autoridades xudiciais e as institucións públicas que o demanden.
- Efectuar plans e cursos de formación e acción informativas en relación coa seguridade e a Saúde laborais.
- Apoiar e promover as actividades desenvolvidas polo empresariado e persoal traballador e as súas respectivas organizacións representativas, en prol da mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, da investigación e o fomento de novas formas de protección e mais da promoción de estruturas eficaces de prevención.
- Estudar e vixiar as condicións de traballo que poidan resultar nocivas ou insalubres durante os períodos de embarazo e lactación da muller traballadora, para acomodar no

caso necesario a súa actividade laboral a un traballo compatible durante os períodos referidos.

- Programar e realizar controis xerais e sectoriais sobre niveis de seguridade, hixiene e condicións de saúde nas empresas, coa prestación a estas e ás persoas representantes legais das traballadoras e dos traballadores do asesoramento pertinente e a comunicación das correccións necesarias que se deban efectuar para elevar os devanditos niveis.
- Efectuar estudos, informes e asesoramento técnico sobre postos, locais e centros de traballo, materias primas e produtos intermedios e finais, na medida en que poidan supor riscos para a saúde das traballadoras e dos traballadores.
- Asesorar e avaliar o funcionamento dos órganos técnicos das empresas en materia de seguridade, hixiene e saúde laborais.
- Efectuar os informes técnicos para a acreditación ou a autorización dos servizos de prevención alleos, entidades formativas e persoas ou entidades especializadas para levar a cabo auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención, agás nas materias que son competencia da Administración sanitaria, e o seguimento das súas actuacións, coa comunicación á autoridade laboral das desviacións observadas.
- Participar na vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral en coordinación coa autoridade sanitaria no ámbito estratéxico e operativo e mais, de ser o caso, elaborar coa autoridade sanitaria un mapa de riscos laborais que sirva de instrumento para planificar a debida política de prevención.
- Prestarlle á Administración sanitaria asesoramento e asistencia técnica na autorización e na verificación do mantemento das condicións da autorización sanitaria dos servizos de prevención propios e alleos e mais na avaliación da súa actividade sanitaria.
- Colaborar coa consellaría competente en materia de seguridade industrial e mineira no que poida afectar a seguridade e a saúde do persoal traballador.
- Colaborar coa autoridade educativa, a universidade e os centros de investigación para implantar en todos os ciclos e niveis formativos programas educativos de prevención de riscos laborais.
- Colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras administracións públicas, entidades públicas e privadas e corporacións locais.
- Colaborar coa Inspección de Traballo e Seguridade Social nas actuacións referentes ás condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde laboral e mais nas de comprobación e control, de ser o caso.

- En xeral, coordinarse coas consellarías con competencias concorrentes en materia de seguridade e saúde no traballo, así como co Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) e coa Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST).
- Actuar, con especial dedicación ás Pemes, en programas de prevención de riscos e promoción da seguridade no traballo.
- Estudar as posibles patoloxías derivadas da actividade laboral con máis incidencia en Galicia.
- Levar a cabo cantas outras funcións sexan necesarias para o cumprimento dos fins de prevención e promoción da seguridade e da saúde no traballo nos termos establecidos na Lei de prevención de riscos laborais.

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

A Dirección Xeral de Enerxía e Minas ten, entre outras, as seguintes competencias:

- Exercicio das competencias administrativas en materia de seguridade e saúde no ámbito de aplicación da lexislación mineira, así como a policía na minaría a ceo aberto, subterránea, establecementos de beneficio e traballos que requiran a técnica mineira.
- Exercicio das competencias administrativas na materia de prevención de riscos laborais en minas, canteiras e túneles que esixan a aplicación da técnica mineira, nos traballos de manipulación e utilización de explosivos e nos establecementos de beneficio vinculados ás actividades extractivas.
- Autorización e rexistro das entidades de inspección e control regulamentarios no ámbito da seguridade mineira, así como a coordinación e seguimento das súas actuacións no territorio de Galicia.
- Impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados á mellora da seguridade e salubridade do sector mineiro de Galicia.
- Exercicio das competencias administrativas para a comprobación do cumprimento da normativa mineira aplicable ás actividades extractivas e o seguimento e vixilancia ambiental destas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade.

A Consellería de Sanidade ten entre as súas funcións as seguintes:

- Inspección de servizos sanitarios en materia de saúde laboral.
- Elaboración e actualización dos protocolos de auditoría dos servizos de prevención da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se refire á especialidade de Medicina do Traballo; o seguimento do desenvolvemento e execución das auditorías correspondentes; o seguimento e control das investigacións sobre deficiencias nelas detectadas e xestión das inspeccións e informes respecto ao cumprimento dos requisitos de carácter sanitario dos servizos de prevención conforme o establecido na normativa vixente.
- Xestión e elaboración das resolucións de autorización da asistencia médico-farmacéutica do persoal sanitario dos servizos de prevención acreditados.
- Elaboración dos informes técnicos correspondentes sobre mutuas de accidentes de traballo e enfermidade profesional da Seguridade Social respecto da adecuación das instalacións e servizos propostos ás finalidades que deben cumprir.
- Planificación, programación e xestión das actividades dos programas de promoción de estilos de vida saudables.
- As indicadas no artigo 33 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública.

INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL

A Inspección de Traballo e Seguridade Social, que na materia de prevención de riscos laborais depende funcionalmente da Autoridade laboral autonómica, aínda que organicamente da Administración Central, é un servizo público ao que corresponde exercer a vixilancia do cumprimento das normas da orde social e esixir as responsabilidades pertinentes, así como o asesoramento e, no seu caso, conciliación, mediación e arbitraje nas devanditas materias.

Entre as funcións da Inspección de Traballo e Seguridade Social está a de vixilancia e esixencia do cumprimento das normas legais, regulamentarias e contido dos acordos e convenios colectivos (entre outras en materia de prevención de riscos laborais), de asistencia técnica; e de conciliación, mediación e arbitraje.

A actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social esténdese ás persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, ás comunidades de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica, en canto suxeitos obrigados ou responsables que sexan do cumprimento das normas da orde social, e exercece en:

- a) As empresas, os centros de traballo e, en xeral, os lugares en que se execute a prestación laboral, aínda cando estean directamente rexidos ou xestionados polas Administracións Públicas ou por entidades de Dereito público con personalidade

xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera delas, con suxeición, neste último caso, ao previsto na normativa que regula dita actuación nas Administracións Públicas.

- b) Os vehículos e os medios de transporte en xeral, nos que se preste traballo, incluídos os trens, os avións e aeronaves civís, así como as instalacións e explotacións auxiliares ou complementarias en terra para o servizo daqueles.
- c) Os buques de pavillón español da mariña mercante e os buques de pavillón español de pesca, que se achen en portos do territorio español ou en augas nas que España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, así como as instalacións e explotacións auxiliares ou complementarias para o servizo destes que se achen en terra e en territorio español.
- d) Os portos, aeroportos, vehículos e puntos de saída, escala e destino, no relativo ás viaxes de emigración e inmigración interior, sen prexuízo do establecido na anterior letra a) como centros de traballo.
- e) As entidades e empresas colaboradoras na xestión da Seguridade Social.
- f) As entidades públicas ou privadas que colaboren coas distintas Administracións Públicas en materia de protección e promoción social.
- g) As sociedades cooperativas en relación á súa constitución e funcionamento e ao cumprimento das normas da orde social en relación aos seus socios traballadores ou socios de traballo, e ás sociedades laborais en canto á súa cualificación como tales, sen prexuízo do que estableza a lexislación aplicable á materia.

A Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo coa Lei 23/2015, de 21 de xullo, Ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, conta con dous corpos de persoal funcionario, o Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social e o Corpo de Subinspectores Laborais. Neste último corpo, recentemente creouse a Escala de Seguridade e Saúde Laboral.

Aos Subinspectores Laborais, pertencentes á Escala de Seguridade e Saúde Laboral, correspóndelles actuar nas seguintes materias, nos termos que se establezan regulamentariamente:

- a) A comprobación do cumprimento e control da aplicación da normativa de prevención de riscos laborais nos aspectos que afecten directamente as condicións materiais de traballo.
- b) A vixilancia do cumprimento da normativa xurídico-técnica con incidencia en materia de prevención de riscos laborais.

- c) Programas de actuación preventiva da Inspección de Traballo e Seguridade Social derivados da análise da sinistralidade laboral.
- d) A información e asesoramento a empresarios e traballadores, con ocasión do exercicio da súa función inspectora, sobre a forma máis efectiva de cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- e) Cantas outras funcións de análoga natureza fosen encomendadas polos responsables da unidade, grupo ou equipo á que estean adscritos para o desenvolvemento dos labores da Inspección de Traballo e Seguridade Social, no marco das súas competencias.

ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN

Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral

O Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral configúrase como o órgano de participación e asesoramento da administración da Xunta de Galicia de todos os axentes implicados na prevención dos riscos laborais. Este órgano regúlase na lei de creación do ISSGA, que contou co acordo no eido do diálogo social en Galicia.

Correspóndelle ao consello servir de canle para a participación do empresariado e mais dos traballadores e das traballadoras, a través das súas organizacións máis representativas, na planificación, a programación, a organización e o control da xestión relacionada coa mellora das condicións de traballo e a protección da seguridade e saúde do persoal traballador.

Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia

A Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia, na actualidade adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, é o órgano colexiado asesor da Comisión Territorial da Inspección, sendo este último o órgano no que se aproban anualmente por ambas administracións os obxectivos, entre outros, de prevención de riscos laborais, a cumprir nesta comunidade autónoma.

A comisión consultiva galega está integrada por representantes da administración autonómica, da Dirección Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, das organizacións empresariais e das organizacións sindicais máis representativas a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia.

Coñece das actuacións que desenvolve a Inspección de Traballo e Seguridade Social no ámbito territorial da nosa comunidade autónoma e as súas funcións son as de asesorar e formular propostas e informes en diversas materias relacionadas coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Comités Provinciais de Seguridade e Saúde no Traballo

Os comités provinciais de Seguridade e Saúde no Traballo son os órganos colexiados de participación e consulta tripartitos e paritarios, con ámbito de actuación en cada unha das provincias galegas.

ÁMBITO TERRITORIAL E DESTINATARIOS

O ámbito territorial da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2017-2020 esténdese a todo o territorio a Comunidade Autónoma de Galicia. A Comunidade autónoma de Galicia conta con 4 provincias, 53 comarcas e 313 concellos.

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), Galicia conta cunha superficie total de 29.574,8 km² e cunha poboación de 2.748.695 habitantes, 1.325.657 homes e 1.423.038 mulleres.

O ámbito persoal desta estratexia abarca a todas as empresas e á totalidade de persoal traballador, incluídas as cooperativas, respecto dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as Administración públicas e o persoal ao seu servizo, e aos traballadores e traballadoras por conta propia e o conxunto da poboación, prestándolles especial atención ás actividades de prevención dirixidas ás Pemes.

DESENVOLVEMENTO TEMPORAL, VIXENCIA E RÉXIME ECONÓMICO

O ámbito temporal da presente estratexia abrangue o período comprendido entre os anos 2017 e 2020, en concordancia cos período de vixencia das novas estratexias europea e española de seguridade e saúde no traballo.



Determinadas accións previstas ao longo da Estratexia precisan o correspondente apoio financeiro. A Xunta de Galicia comprométese a garantir as liñas de financiamento precisas para os exercicios orzamentarios 2017-2020, mediante calquera fórmula financeira que permita acometer as mencionadas accións e acadar os obxectivos previstos.

Por outra banda, debe terse en conta a natureza da Estratexia como previsión a futuro, que pode transcender a duración dunha lexislatura completa abarcando un período de catro anos, durante o cal poden producirse acontecementos e cambios de escenario que impacten fortemente nas actuacións deseñadas. A iso súmase que o ciclo ordinario dos orzamentos públicos cinguese ao exercicio orzamentario coincidente co ano natural.

Ambas as dúas circunstancias condicionan o marco económico da Estratexia, cuxa importancia radica en que pon de manifesto a vontade política de abordar a problemática da seguridade e saúde no traballo e o compromiso da Xunta de Galicia de destinar recursos a este fin.

REVISIÓN DA ESTRATEXIA GALEGA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO 2017-2020

Realizarase un seguimento e avaliación permanentes da presente estratexia, que se estenderá tamén á análise da eficacia das distintas liñas de actuación. Para isto crearase un grupo de traballo no seno do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral para o seguimento e avaliación desta estratexia, que permita adoptar as medidas precisas para a súa execución e revisión, de ser preciso, ao longo do seu período de vixencia, co obxecto de dinamizar e flexibilizar a propia Estratexia.

Ao finalizar o ano 2018 realizarase unha revisión intermedia desta estratexia, coincidindo co ecuador do seu horizonte temporal de vixencia, de cara á súa posible adaptación de acordo coas necesidades que se detecten. Esta revisión non exclúe que se poida realizar unha revisión nun momento anterior se esta é necesaria en vista do seguimento e avaliación permanentes da estratexia.

Deste xeito a presente estratexia ten un carácter dinámico, que permite a súa adaptación á nova situación socioeconómica e laboral, así como ás novas necesidades que se poidan plantexar no ámbito da seguridade e saúde no traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

O seguimento desta estratexia, que se realizará polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e se plasmará nun informe anual que se presentará no segundo trimestre de cada ano, artículase a través da análise do sistema de indicadores da estratexia, que estará formado polos seguintes tipos:

- Indicadores de produtividade directamente relacionados coas principais políticas de gasto asociadas aos obxectivos estratéxicos e que miden a realización física das mesmas: Indicadoras establecidos polo Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.
- Indicadores de resultados que miden a consecución do cambio esperado para os obxectivos estratéxicos co fin de fortalecer a orientación a resultados da planificación: Índice de incidencia de sinistralidade laboral (accidentes de traballo e enfermidades profesionais).

A meta a acadar e a cuantificación dos indicadores de produtividade e de resultado é a indicada no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN DA ESTRATEXIA GALEGA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO 2017-2020

Co obxecto de afrontar os problemas expostos anteriormente, nesta estratexia propóñense cinco obxectivos estratéxicos para implementar e desenvolver polos poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o horizonte temporal 2017-2020. Algúns destes obxectivos estratéxicos compóñense de varias liñas de actuación, co fin de dividir as diferentes actuacións en función da problemática detectada.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Os obxectivos estratéxicos desta estratexia de seguridade e saúde no traballo que se propoñen son os seguintes:

Mellorar a eficiencia das institucións públicas dedicadas á prevención de riscos laborais

Promover a participación e implicación dos interlocutores sociais e dos actores implicados na seguridade e saúde no traballo

Obxectivo 2

Mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como a súa vixilancia e control

Potenciar actuacións das Administracións públicas en materia de análise, investigación, información, promoción, apoio e asesoramento técnico en prevención de riscos laborais

Promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, con especial atención a sectores, actividades empresariais e colectivos e empresas que presentan maior risco

Potenciar unha formación de calidade en materia de prevención de riscos laborais e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega

Obxectivo 1	<p>Mellorar a eficiencia das institucións públicas dedicadas á prevención de riscos laborais</p> <p>A Lei de prevención de riscos laborais define, no seu Capítulo II, os obxectivos da política de prevención, resaltando a cooperación, asistencia e coordinación entre as distintas administracións, en función do seu ámbito competencial ou xeográfico, incluíndo tamén a participación do empresariado e traballadores e traballadoras a través das organizacións que os representan.</p> <p>Existen ademais outras entidades que xogan un papel importante no sistema preventivo. A coordinación das actuacións de todos estes actores en prevención é fundamental para lograr unha maior eficiencia e posta en valor destas e unha mellor e máis eficaz resposta ás necesidades da sociedade e resolución do problema que para ela supoñen os danos para a saúde dos traballadores e traballadoras en primeiro lugar, e a demanda dun ámbito laboral saudable en definitiva.</p>
Obxectivo 2	<p>Promover a participación e implicación dos interlocutores sociais e dos actores implicados na seguridade e saúde no traballo</p> <p>A participación dos interlocutores sociais ocupa un papel fundamental nas políticas públicas en materia de prevención de riscos laborais que se leven a cabo pola Administración autonómica, polo que cómpre promover e garantir esta participación.</p>
Obxectivo 3	<p>Mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como a súa vixilancia e control</p> <p>O obxectivo de mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre seguridade e saúde no traballo recóllese no Marco estratéxico da UE en materia de seguridade e saúde no traballo 2014-2020, e no pasado Plan estratéxico de prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014.</p> <p>O corpo normativo en materia preventiva, derivado fundamentalmente da transposición de normas europeas, é moi amplo e, moitas veces, tecnicamente tan complexo que precisa das guías do INSHT para a súa interpretación. Isto dificulta a súa aplicación, especialmente nas Pemes e nas microempresas, que carecen do tempo, persoal e medios precisos para estar ao día da normativa que lles afecta.</p> <p>A vixilancia e control do cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais está encomendada á Inspección de Traballo e Seguridade Social e a outros organismos como é o caso da Inspección Mineira. É no ámbito da colaboración entre estes organismos e o ISSGA no que se centran os aspectos de asesoría técnica para que se realice da maneira máis axeitada posible a vixilancia e control da normativa neste eido. Nos aspectos sanitarios dos servizos de prevención deberase contar coa colaboración da consellería competente en materia de sanidade.</p>

Obxectivo 4	<p>Potenciar actuacións das Administracións públicas en materia de análise, investigación, información, promoción, apoio e asesoramento técnico en prevención de riscos laborais</p> <p>O desenvolvemento dunha política preventiva, aínda baseándose na creación dun marco regulamentario específico, precisa dunha implantación efectiva do seu cumprimento, e ademais da vixilancia e control precísase de medidas de información e asistencia, fundamentais neste ámbito no que a amplitude e diversidade da normativa se suma á súa complexidade técnica, e de xeración dunha conciencia preventiva que propicie actitudes proactivas máis alá do mero cumprimento formal.</p> <p>Ao mesmo tempo, no ámbito laboral, o progreso técnico e a variabilidade das condicións de traballo imponen unha revisión continua do estado do coñecemento e unha actualización deste mediante a investigación e estudo daqueles, e o conseguinte retorno mediante as actuacións de formación e información pertinentes, todo iso sen esquecer que se dirixen a un colectivo cambiante, no sentido que se produce unha incorporación permanente de persoas ao mundo do traballo, pero que é un reflexo case universal de toda a sociedade.</p> <p>Por outra banda, o éxito de calquera política de saúde e seguridade no traballo depende en boa medida da eficacia das canles e ferramentas de comunicación utilizadas para chegar ás diferentes partes interesadas, dende os responsables das políticas pública ata os propios traballadores e traballadora e o empresariado.</p>
Obxectivo 5	<p>Promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, con especial atención a sectores, actividades empresariais, colectivos e empresas que presentan maior risco</p> <p>Dado que o obxectivo último da política preventiva debe ser eliminar ou minorar, na medida do posible, os danos, e lograr empregos saudables, é preciso actuar con especial énfase alí onde as condicións de traballo supoñen maior risco, onde se produce maior sinistralidade, ou onde o sistema preventivo revela as maiores debilidades.</p> <p>Este enfoque pódese abordar a distintos niveis: os sectores e ocupacións máis críticos, os colectivos de persoas traballadoras en peores condicións laborais ou máis sensibles, os riscos máis importantes ou máis frecuentes, os aspectos de xestión ou as empresas máis necesitadas de asistencia e apoio, etc.</p> <p>Esta perspectiva tan diversa permite o desenvolvemento de actuacións específicas para afrontar as situacións concretas que se producen na realidade cotiá do ámbito laboral.</p>

Obxectivo 6


Potenciar unha formación de calidade en materia de prevención de riscos laborais e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega

A formación é un dos piares da xestión da prevención dos riscos laborais, nunha tripla vertente: a formación do persoal, o deber do empresariado nos termos do artigo 19 da lei de prevención de riscos laborais, a propia formación do empresariado, como apoio á integración da prevención na actividade da empresa, e a formación e actualización de coñecementos técnicos dos/as profesionais da prevención. Débese engadir a estas a formación no período escolar e as etapas prelaborais, como base na que afianzar a xeración dunha conciencia preventiva no conxunto da sociedade

As Administración públicas desenvolven funcións de promoción da formación en prevención, consonte aos artigos 7.1 a) da lei de prevención de riscos laborais, e 8.2 da lei do estatuto do traballo autónomo. Por iso, potenciar unha formación suficiente, específica e de calidade debe ser unha das liñas prioritarias de actuación das administracións concernidas na prevención dos riscos laborais, o que xustifica a formulación deste obxectivo estratéxico.

Un punto de inflexión positivo que axudaría a transmitir todo o coñecemento que se posúe conséguese dándolle saída a través da web 2.0, acadando así que a mellora continua que se busca en seguridade e saúde laboral se perciba como aberta, participativa e accesible a toda a sociedade.

Os obxectivos están a súa vez divididos en liñas estratéxicas, e estas en actuacións.



LIÑAS ESTRATÉXICAS

Para acadar os obxectivos da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020 propóñense as seguintes liñas estratéxicas:

Obxectivo 1: Mellorar a eficiencia das institucións públicas dedicadas á prevención de riscos laborais

1.1	Potenciar e fortalecer as institucións públicas dedicadas á prevención de riscos laborais
1.2	Impulsar e potenciar mecanismos de coordinación entre as administracións e organismos públicos con competencias en materia preventiva
1.3	Promover a colaboración institucional no desenvolvemento das políticas en materia de prevención de riscos laborais
1.4	Potenciar o liderado das Administracións públicas na xestión da prevención de riscos laborais

Obxectivo 2: Promover a participación e implicación dos interlocutores sociais e dos actores implicados na seguridade e saúde no traballo

2.1	Promover a participación e implicación dos interlocutores sociais no ámbito da prevención de riscos laborais
2.2	Negociación colectiva e prevención de riscos laborais

Obxectivo 3: Mellorar e facilitar a integración da prevención e o cumprimento efectivo da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como a súa vixilancia e control

3.1	Promover o compromiso da Administración e Institucións públicas galegas en aras ao mellor cumprimento da normativa en seguridade e saúde no traballo
3.2	Asesorar ás empresas e persoas traballadoras para un mellor cumprimento da normativa
3.3	Vixiar, controlar e mellorar o cumprimento efectivo da normativa de prevención de riscos laborais
3.4	Integración da prevención de riscos laborais
3.5	Fomentar a excelencia na xestión da seguridade e saúde no traballo mediante o recoñecemento, intercambio e difusión de boas prácticas

Obxectivo 4: Potenciar actuacións das Administracións públicas en materia de análise, investigación, información, promoción, apoio e asesoramento técnico en prevención de riscos laborais

4.1	Promover a realización de análises e investigacións en materia de sinistralidade laboral e prevención de riscos laborais
4.2	Promover e fortalecer os sistemas de información en materia de sinistralidade laboral
4.3	Realizar actuacións de promoción, apoio e asesoramento técnico en materia de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo

Obxectivo 5: Promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, con especial atención a sectores, actividades, colectivos e empresas que presentan maior risco

5.1	Potenciar as actuacións dirixidas a sectores, actividades empresariais e colectivos que presentan maior risco
5.2	Promover a mellora do estudo e da investigación de enfermidades profesionais, así como a detección e comunicación destas
5.3	Promover unha vixilancia da saúde máis eficiente
5.4	Xestión da prevención nas Pemes e microempresas

Obxectivo 6: Potenciar unha formación de calidade en materia de prevención de riscos laborais e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega

6.1	Consolidar a integración da formación en prevención de riscos laborais nas diferentes etapas do sistema educativo
6.2	Deseñar e potenciar a formación de colectivos específicos
6.3	Consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega mediante actuacións de sensibilización e concienciación
6.4	Sensibilización, promoción e incentivación da seguridade e saúde no traballo
6.5	Promover espazos seguros e saudables no contorno laboral

OBXECTIVO 1: MELLORAR A EFICIENCIA DAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS DEDICADAS Á PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
**Liña estratéxica
1.1**
Potenciar e fortalecer as institucións públicas dedicadas á prevención de riscos laborais
Medidas

- a Fortalecer o ISSGA e os órganos propios da Comunidade Autónoma con competencias en inspección en seguridade e saúde no traballo e en prevención de riscos laborais, dotándoos dos recursos humanos e técnicos precisos para realizar as súas actividades, e de novas ferramentas tecnolóxicas e informáticas de base de datos precisas para o axeitado desenvolvemento das funcións que ten encomendadas
- b Potenciar o funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social e dos órganos propios da Comunidade Autónoma con competencias en inspección en seguridade e saúde no traballo e en prevención de riscos laborais, conxugando a actividade preventiva coa reactiva
- c Potenciar as Unidades de Saúde Laboral da Consellería de Sanidade, para que poidan realizar axeitadamente a detección de patoloxías de orixe laboral
- d Potenciar o funcionamento e recursos da inspección sanitaria nas súas funcións de inspección, e control e asesoramento técnico da actividade sanitaria dos servizos de prevención, tanto no control do mantemento das condicións que permitiron a concesión da súa autorización administrativa, como da comprobación da calidade, suficiencia e adecuación da actividade sanitaria que desenvolven, conxugando a actividade preventiva coa reactiva
- e Potenciar o funcionamento e recursos en materia de inspección de industria e seguridade mineira, no relativo á inspección, control e vixilancia do cumprimento das regulamentacións técnicas e normas de seguridade sobre produtos, equipos, instalacións e actividades industriais, así como nas actividades de inspección, control e vixilancia do cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais en minas, canteiras e actividades que esixan a aplicación da técnica mineira, conxugando a actividade preventiva coa reactiva
- f Propoñer o investimento da totalidade ou parte do importe das sancións recadadas por incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais, en programas de investigación e desenvolvemento, promoción e asesoramento en materia de seguridade e saúde no traballo levadas a cabo polo ISSGA e polos órganos propios da Comunidade Autónoma con competencias en seguridade e saúde no traballo
- g Avaliar a situación dos Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral, revisando as súas funcións e configuración xurídica, desenvolvendo o establecido na lei de creación do ISSGA

**Liña estratéxica
1.2****Impulsar e potenciar mecanismos de coordinación entre as administracións e organismos públicos con competencias en materia preventiva****Medidas**

- a Potenciar as funcións e o funcionamento do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, e impulsar o funcionamento dos seus grupos de traballo
- b Reforzar os mecanismos de coordinación e intercambio de información entre o ISSGA e as administracións laboral, sanitaria, industrial e mineira e educativa, así como coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, co fin de obter unha maior eficacia nas actuacións que realizan
- c Reforzar a coordinación en materia de seguridade e saúde no traballo da Administración autonómica coa Administración Xeral do Estado, con outras comunidades autónomas e coa administración local, e participar nas comisións técnicas e nos grupos de traballo nacionais existentes ou de nova creación no eido da prevención de riscos laborais
- d Potenciar as funcións e o funcionamento dos Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral como órganos de participación e consulta no ámbito de actuación en cada unha das provincias galegas
- e Crear un grupo de traballo que identifique con claridade os ámbitos de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e das inspeccións mineira e industrial
- f Impulsar os protocolos existentes e establecer protocolos novos para a actuación coordinada dos distintos órganos da Administración autonómica con competencias en materia de prevención de riscos laborais; e protocolos de intervención ante un accidente laboral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, as inspeccións mineira e industrial e o ISSGA

**Liña estratéxica
1.3****Promover a colaboración institucional no desenvolvemento das políticas en materia de prevención de riscos laborais****Medidas**

- a Promover a consolidación da transversalidade da prevención de riscos laborais no conxunto das políticas públicas, fundamentalmente nas laborais, sanitarias, educativas e industriais
- b Promover a participación do ISSGA en proxectos de colaboración en materia preventiva xunto con outros institutos autonómicos, especialmente naqueles sectores nos que polas súas características teñen especialidades en común
- c Favorecer a colaboración entre a administración e os interlocutores sociais, así como con outros actores implicados na prevención como poden ser as mutuas, servizos e sociedades de prevención, asociacións, colexios profesionais ou corporacións de dereito público

d Colaborar en materia de prevención de riscos laborais coas entidades que integran a administración local, en especial cos concellos pequenos

e Realizar actividades de asesoramento ás Administracións públicas sobre as súas obrigas preventivas como contratantes de actividades na súa xestión dos recursos públicos e como empregadoras do persoal público

**Liña estratéxica
1.4**

Potenciar o liderado das Administracións públicas na xestión da prevención de riscos laborais

Medidas

a Promover a seguridade e saúde no traballo do persoal das Administracións públicas mellorando o asesoramento, intercambio de información, control e coordinación entre administracións

b Favorecer a efectiva implantación da xestión preventiva no ámbito das administracións autonómica e local de Galicia

c Fomentar a prevención e avaliación dos riscos psicosociais na Administración pública galega

OBXECTIVO 2: PROMOVER A PARTICIPACIÓN E IMPLICACIÓN DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS E DOS ACTORES IMPLICADOS NA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO
**Liña estratéxica
2.1**
Promover a participación e implicación dos interlocutores sociais no ámbito da prevención de riscos laborais
Medidas

- | | |
|---|--|
| a | Promover a formación en prevención de riscos laborais dos delegados e delegadas de prevención e doutras figuras que teñan atribuídas funcións en materia de prevención de riscos laborais, empresariado, persoal directivo, mandos intermedios e persoal técnico das organizacións representativas sindicais e empresariais |
| b | Potenciar a sensibilización do empresariado sobre os beneficios do liderado da dirección na mellora das condicións de traballo e a importancia dunha política preventiva orientada a resultados |
| c | Deseñar e implementar fórmulas de recoñecemento e incentivación ás empresas que promovan a colaboración e implicación dos traballadores e traballadoras, a través dos seus representantes, e dos mandos intermedios e directivos, a través da xerencia, na xestión preventiva |
| d | Promover a inscrición das comunicacións de elección dos delegados e delegadas de prevención no rexistro correspondente na consellería competente en materia de traballo |
| e | Establecer canles efectivas de comunicación entre os axentes sociais e as administracións con competencia en materia de prevención de riscos laborais, tanto para recibir asesoramento como para colaborar na detección de situacións de risco nas empresas, a través dos seus gabinetes de seguridade e saúde laboral |
| f | Promover e desenvolver as formas que faciliten que os comités de seguridade e saúde laboral ou os delegados e delegadas de prevención das empresas, participen no deseño e seguimento da modalidade organizativa preventiva da empresa e no seu caso da xestión realizada polo servizo de prevención alleo |
| g | Deseñar e establecer protocolos concretos para a asistencia técnica en materia de prevención de riscos e saúde laboral, especialmente en relación á realización de avaliacións de riscos e á planificación preventiva nas empresas a demanda dos interlocutores sociais e das persoas traballadoras |
| h | Promoción da coordinación cos interlocutores sociais, para dar resposta ás cuestións de difícil abordaxe en materia preventiva, ben pola súa complexidade técnica ou ben pola súa novidade, carácter emerxente ou vinculación coas transformacións no eido laboral, mediante a constitución de diferentes grupos de traballo técnicos ou foros de debate co propósito de acadar consensos na posta en marcha de metodoloxías e boas prácticas preventivas en aspectos tales como xestión do risco químico, prevención de TME, prevención e xestión de adicións no ámbito laboral, seguridade viaria laboral, etc |

**Liña estratéxica
2.2**

Negociación colectiva e prevención de riscos laborais

Medidas

a

Promover a incorporación de criterios e orientacións en materia de prevención de riscos laborais nos acordos de negociación colectiva, dentro do preciso respecto á autonomía negociadora das partes, como marco para acadar acordos que promovan a integración da prevención de riscos laborais nas empresas e a implicación das persoas traballadoras no cumprimento responsable das súas obrigas preventivas

b

Potenciar o Observatorio Galego da Negociación Colectiva en materia de prevención de riscos laborais

OBXECTIVO 3: MELLORAR E FACILITAR A INTEGRACIÓN DA PREVENCIÓN E O CUMPRIMENTO EFECTIVO DA NORMATIVA SOBRE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, ASÍ COMO A SÚA VIXILANCIA E CONTROL

**Liña estratéxica
3.1**

Promover o compromiso da Administración e Institucións públicas galegas en aras ao mellor cumprimento da normativa en seguridade e saúde no traballo

Medidas

- a Analizar a normativa actual en materia de prevención de riscos laborais e, de ser o caso, propoñer aos órganos ou entidades competentes a simplificación normativa neste eido, entendendo que o rigor técnico é compatible cunha aplicación sinxela, áxil e operativa, especialmente nas Peme e microempresas
- b Creación dun grupo de traballo para mellorar a aplicación da normativa, establecendo criterios e directrices en canto aos contidos da documentación básica en materia preventiva e a súa revisión
- c Impulsar o establecido no Real Decreto 597/2007, do 4 de maio, sobre publicación das sancións por infraccións moi graves en materia de prevención de riscos laborais, e da Orde do 30 de xullo de 2008 sobre este mesmo extremo

**Liña estratéxica
3.2**

Asesorar ás empresas e persoas traballadoras para un mellor cumprimento da normativa

Medidas

- a Promover un asesoramento de calidade a empresas e persoas traballadoras, con especial atención ao asesoramento sobre a modalidade organizativa a elixir na empresa e as actividades a desenvolver
- b Realizar xornadas técnicas, seminarios, cursos e outras actuacións formativas, con ocasión da entrada en vigor de nova normativa
- c Difundir a normativa existente en materia de seguridade e saúde no traballo e as súas modificacións, mediante actividades divulgativas e publicacións, e a través da actualización do fondo documental e das páxina web do ISSGA e da Consellería de Economía, Emprego e Industria
- d Promover e facilitar a coordinación preventiva de actividades empresariais a través da web 2.0
- e Promocionar a implicación dos recursos propios por parte das empresas na modalidade organizativa de prevención

Liña estratéxica
3.3

Vixiar, controlar e mellorar o cumprimento efectivo da normativa de prevención de riscos laborais

Medidas

- a Impulsar as funcións de vixilancia, control e asesoramento que ten encomendadas a autoridade laboral, a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e as consellerías con competencia en materia de sanidade e de seguridade industrial e mineira, dentro do seu respectivo ámbito de competencia
- b Levar a cabo campañas de vixilancia, control e asesoramento en actividades, sectores produtivos, riscos e colectivos específicos acordados como prioritarios, de acordo cos datos dispoñibles en materia de sinistralidade, incorporando elementos como a perspectiva de xénero, o envellecemento das persoas traballadoras, as necesidades dos traballadores e traballadoras sensibles ou menores de idade, os riscos para a saúde reprodutiva e para a maternidade
- c Realizarse polo ISSGA, en colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, as investigacións dos accidentes de traballo ao abeiro do protocolo de colaboración coa Fiscalía de Galicia
- d Impulsar actuacións específicas do persoal técnico habilitado do ISSGA dirixidas a promover, facilitar e asegurar o cumprimento da normativa, potenciando a complementariedade entre as funcións de asistencia, e as de vixilancia e control, e coordinar as súas accións coa planificación anual de prioridades establecida anualmente pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, potenciándose a coordinación entre estes dous organismos
- e Promover a efectiva notificación dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais ou relacionadas co traballo que se producen na comunidade autónoma de Galicia segundo o establecido na normativa de aplicación, detectando e promovendo a corrección dos accidentes e enfermidades que non son notificados, implementando os canles de colaboración precisos entre o ISSGA e as administracións laboral e sanitaria
- f Promover o establecemento de criterios obxectivos para a cualificación dos accidentes de traballo, en colaboración do ISSGA, as consellerías competentes en materia de emprego e de sanidade, e a Inspección de Traballo e Seguridade Social
- g Promover a investigación de accidentes de traballo cualificados como leves nos partes de accidente nos que se derive que concorren circunstancias que denoten unha posible maior gravidade, ou daqueles accidentes de traballo leves cando existe reiteración ou afecten a un elevado número de traballadores e traballadoras
- h Potenciar a análise e o intercambio de información derivada das funcións de asesoramento, vixilancia e control dos distintos organismos para mellorar a eficacia das súas actuacións
- i Incrementar a calidade, vixilancia e control na actuación dos servizos de prevención

propios, alleos e mancomunados

j

Fomentar o control do cumprimento da normativa en materia de coordinación de actividades empresariais e integración preventiva, especialmente nas empresas que habitualmente actúan como contratadas e subcontratadas, nas que gran número de persoas traballadoras prestan os seus servizos en empresas cliente

k

Impulsar o seguimento e control dos medios e recursos sanitarios cos que contan os servizos de prevención que operen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, velando pola súa pertinencia e adecuación en colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social e a Consellería de Sanidade

l

Definir e implantar un plan de control de calidade da actividade sanitaria prestada polas mutuas colaboradoras da seguridade social

Liña estratéxica 3.4

Integración da prevención de riscos laborais

Medidas

a

Seguimento das grandes obras públicas mediante a promoción da constitución de comisións tripartitas Administración-empresas-representantes das persoas traballadoras, para facilitar a aplicación das medidas preventivas

b

Promover a integración da variable "idade" nas avaliacións de riscos (non só como variable simplemente descritiva)

c

Promover a elaboración dun rexistro das modalidades organizativas preventivas adoptadas polas empresas galegas, coa participación dos interlocutores sociais

d

Informar, asesorar e impulsar o cumprimento normativo das Peme e microempresas promovendo a xestión preventiva, por parte destas, a través das ferramentas existentes (Prevención 10, etc)

e

Promocionar a capacitación para o desenvolvemento de funcións preventivas por parte do empresariado, para asumir axeitadamente as funcións preventivas con medios propios

f

Fomentar a participación, cando as empresas o precisen, do persoal técnico dos organismos con competencia en prevención de riscos laborais en Galicia, na programación das actividades preventivas das empresas

**Liña estratéxica
3.5****Fomentar a excelencia na xestión da seguridade e saúde no traballo mediante o recoñecemento, intercambio e difusión de boas prácticas****Medidas**

- a Potenciar a excelencia na xestión da seguridade e saúde no traballo a través do recoñecemento público, galardóns, premios, certificados, ou outras formas de recoñecemento
- b Promover actuacións de intercambio de boas prácticas no ámbito da seguridade e saúde no traballo, como poder ser a través de grupos de traballo, foros, etc
- c Fomento de boas prácticas no seo das Administracións públicas e da coordinación entre os seus servizos de prevención
- d Promover a creación de grupos de traballo e/ou foros nos que se trasladen boas prácticas por parte das empresas ou grupos de empresas onde a actividade preventiva está implantada dentro do proceso produtivo, así como das dificultades existentes no eido da prevención de riscos laborais en aspectos técnicos concretos
- e Recoñecemento institucional e social ás empresas que realicen unha boa xestión preventiva

OBXECTIVO 4: POTENCIAR ACTUACIÓNS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN MATERIA DE ANÁLISE, INVESTIGACIÓN, INFORMACIÓN, PROMOCIÓN, APOIO E ASESORAMENTO TÉCNICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
**Liña estratéxica
4.1**
Promover a realización de análises e investigacións en materia de sinistralidade laboral e prevención de riscos laborais
Medidas

a	Promover a participación do ISSGA na Rede de Institutos Públicos de Investigación en Seguridade e Saúde no Traballo
b	Potenciar a investigación dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais que teñen lugar na comunidade autónoma
c	Promover o estudo e a investigación dirixida ao deseño de medidas técnicas efectivas para o control dos riscos derivados das condicións de traballo, en especial para aqueles riscos máis graves ou de nova aparición, e en particular naqueles aspectos de especial aplicación práctica
d	Realizar estudos e proxectos de investigación relacionados co estrés laboral, ao abeiro do Acordo Marco Europeo sobre estrés ligado ao traballo
e	Implementar unha liña de investigación en prevención de riscos laborais, en colaboración coa Axencia Galega de Innovación e as sociedades e servizos de prevención, dirixida ás posibilidades de innovación no eido da prevención de riscos laborais
f	Promover, en colaboración coas universidades galegas, a creación dunha cátedra universitaria galega para a execución de liñas de traballo centradas na investigación e na divulgación científica en materia de prevención de riscos laborais
g	Promover unha Enquisa Galega de Saúde e Condicións de Traballo como unha actividade periódica e facilitar aos axentes sociais, aos investigadores e ás demais persoas interesadas, o acceso ás bases de datos, para desenvolver diferentes liñas de investigación
i	Difundir os avances na investigación sobre os riscos derivados do uso de novos materiais (como os nanomateriais) e outros riscos emerxentes
J	Impulsar a investigación por parte das empresas, en colaboración co resto de axentes competentes, das patoloxías de orixe profesional, especialmente musculoesqueléticas, para fundamentar a adopción de medidas preventivas eficaces
k	Fomentar a transversalidade tecnolóxica entre os diferentes organismos con competencia en materia de prevención de riscos laborais en Galicia, e entre estes e outras institucións estatais

Liña estratéxica
4.2**Promover e mellorar os sistemas de información en materia de sinistralidade laboral****Medidas**

- a Promover e reforzar as actuacións do Observatorio Galego de Condicións de Traballo, ferramenta do ISSGA que actúa como centro de coñecemento e información autonómicos en materia de sinistralidade laboral (en concreto en canto á situación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais, en particular das mulleres embarazadas e traballadores e traballadoras especialmente sensibles, tanto para investigar as causas da sinistralidade laboral en Galicia como para analizar a situación en que se atopa a comunidade autónoma neste eido
- b Publicar información periódica sobre accidentes de traballo e enfermidades profesionais na comunidade autónoma, mellorando a calidade dos datos e a explotación da información dispoñible
- c Fortalecer a coordinación das actividades desenvolvidas polas Administracións públicas en materia de recompilación, análise e difusión de información en prevención de riscos laborais e as de estudo e investigación na devandita materia, configurando un sistema de información de calidade en materia de seguridade e saúde no traballo
- d Garantir a incorporación da perspectiva de xénero nos análises e estudos que se realicen sobre sinistralidade laboral
- e Diseñar un sistema para unha máis completa detección e comunicación dos accidentes e das enfermidades relacionadas co traballo que poidan permanecer ocultas, especialmente ao cancro de orixe laboral, e busca de fórmulas para que se declaren o accidente e, sobre todo, as enfermidades profesionais, e mellorando a detección e comunicación das enfermidades profesionais e das sospeitas de enfermidade profesional
- f Crear un sistema de alertas para detección e a divulgación de informacións urxentes sobre riscos e factores de risco inminentes e/ou relevantes
- g Reforzar o sistema de alertas en materia de saúde laboral e notificación de danos a todos os servizos de prevención para que se investigue a orixe dos danos e se evite a aparición posterior de novos danos
- h Analizar as repercusións que poidan ter determinadas continxencias profesionais en cada un dos ámbitos competenciais (laboral, mineiro e industrial), así como as mellores prácticas preventivas para a súa divulgación, coordinando os distintos organismos con competencias na materia

**Liña estratéxica
4.3****Realizar actuacións de promoción, apoio e asesoramento técnico en materia de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo****Medidas**

- a Organizar xornadas técnicas, campañas, encontros, cursos de formación ou calquera outra actividade informativa, para sensibilizar sobre a seguridade e saúde no traballo e compartir experiencias
- b Promover o coñecemento da prevención de riscos laborais nas Pemes e microempresas mediante a elaboración e difusión de material divulgativo práctico e orientado as súas necesidades
- c Propiciar a utilización de recursos propios da empresa para a prevención: fomentar a constitución de servizos de prevención propios e mancomunados, a designación de persoas traballadoras e a asunción da prevención polo empresariado, especialmente nas Pemes e microempresas
- d Potenciar programas de asesoramento técnico sobre a correcta identificación e avaliación de riscos específicos, en especial sobre aqueles que poidan causar consecuencias máis graves sobre a seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras e/ou precisen de maior cualificación técnica, implicando nestes programas a sociedades e servizos de prevención, especialmente nas Pemes e microempresas
- e Promover que os pregos de condicións para contratar coa Administración pública contemplan compromisos e aspectos concretos de seguridade e saúde laboral, xustificados en base a unha análise dende a óptica da prevención das condicións de traballo, tales como horarios de traballo e períodos de descanso
- f Impulsar e asesorar a través de campañas específicas as actuacións dos axentes encargados da actividade de prevención nas empresas, como son os delegados e delegadas de prevención, os Comités de Seguridade e Saúde Laboral, os técnicos/as, os mandos intermedios e o persoal sanitario das organizacións preventivas, para o efectivo exercicio das súas funcións co rigor, implicación e profesionalidade esixibles
- g Promover a integración transversal das cuestións de xénero e idade, especialmente realizando actuacións de asesoramento aos técnicos de prevención sobre a integración das cuestións de xénero e idade nas avaliacións de riscos e difundindo os criterios establecidos polos organismos científico-técnicos para o control dos riscos en función destas diferenzas individuais
- h Fomentar a inclusión nos convenios e acordos colectivos, tanto sectoriais como de empresa, de melloras en materia de prevención de riscos laborais
- i Difundir guías e documentos en relación á influencia da idade nos efectos da exposición a factores de risco, en concreto das persoas maiores de 55 anos
- j Promover a organización de encontros entre os órganos con competencia en materia de prevención de riscos laborais en Galicia, dirixido a formular e analizar medidas de mellora

e intercambio de experiencias neste eido

k

Establecer unha canle áxil de consulta técnica aos organismos con competencia en materia de prevención de riscos laborais en Galicia sobre a aplicación de normativa nesta materia

OBXECTIVO 5: PROMOVER A MELLORA DAS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO, CON ESPECIAL ATENCIÓN A SECTORES, ACTIVIDADES EMPRESARIAIS E COLECTIVOS E EMPRESAS QUE PRESENTAN MAIOR RISCO

Liña estratéxica
5.1

Potenciar as actuacións dirixidas a sectores, actividades empresariais e colectivos que presentan maior riscos

Medidas

- | | |
|---|---|
| a | Deseñar e implementar políticas e campañas centradas na prevención daqueles riscos que afecten ás actividades prioritarias detectadas, previo análise sistemático e periódico das fontes de información dispoñibles |
| b | Promover a seguridade e saúde no traballo de colectivos específicos, como traballadores menores de idade, traballadores de idade avanzada, mulleres embarazadas ou en período de lactación, persoas con discapacidade, traballadores con pouca experiencia laboral, autónomos, traballadores temporais, etc., así como con outros traballadores que teñan a condición de especialmente sensibles |
| c | Realizar estudos e análises sobre as consecuencias do envellecemento da poboación activa e a prolongación da vida laboral, e a súa influencia na sinistralidade laboral |
| d | Considerar os riscos específicos das mulleres, como poden ser os trastornos musculoesqueléticos ou certos tipos de cancro, e impulsar a integración da perspectiva de xénero en todos os aspectos da prevención de riscos laborais, especialmente en sectores con maior presenza de mulleres |
| e | Creación dunha comisión técnica para estudar os riscos emerxentes, como pode ser o caso das actividades das novas tecnoloxías da comunicación e á nanotecnoloxía, as súas causas e impacto na seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras |
| f | Impulsar a mellora das condicións de traballo en sectores e actividades con elevados índices de incidencia de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, con especial atención aos máis atomizados, como por exemplo o sector primario |
| g | Promover a avaliación dos riscos psicosociais e a difusión das metodoloxías de referencia |
| h | Promover a seguridade viaria laboral, en cooperación cos órganos territoriais da Dirección Xeral de Tráfico, co obxecto de reducir a sinistralidade viaria laboral |
| i | Fomentar a adaptación do lugar de traballo e a organización deste, incluída a xornada laboral, a accesibilidade do posto e as intervencións dirixidas ás persoas traballadoras con características específicas en prevención: grupos de idade determinados (das persoas novas traballadoras e de idade avanzada), ás persoas traballadoras con discapacidades, ás persoas migrantes e ás mulleres |
| j | Propoñer, manter e impulsar actuacións de vixilancia, control e asesoramento por parte da inspección de Traballo e Seguridade Social en sectores, colectivos de traballadores sometidos a maiores riscos, cunha especial atención aos riscos ergonómicos (TME), os |

	riscos hixiénicos de orixe química, así como a normativa sobre subcontratación e coordinación de actividades empresariais
k	Realizar campañas de control e asesoramento fronte aos riscos por exposición a axentes químicos, especialmente en relación aos riscos detectados na realización do Mapa de Risco Químico da Galicia, que promovan a substitución das substancias químicas máis perigosas (canceríxenas, mutáxenas e tóxicas para a reprodución, de categorías 1 e 2, de conformidade coa normativa estatal sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas), impulsen a adopción de medidas preventivas de carácter técnico e a realización dun seguimento e comprobación da eficacia de ditas medidas
l	Deseñar, promover e manter, en colaboración da Inspección de Traballo e Seguridade Social, o Servizo Galego de Saúde e o ISSGA, campañas de vixilancia, control e asesoramento nos sectores, actividades empresariais e colectivos onde se presenta unha alta sinistralidade, especialmente para a redución dos trastornos musculoesqueléticos
m	Potenciar as actuacións para fomentar que se garanta a accesibilidade universal das accións en materia de prevención de riscos laborais, de xeito que se garantan os dereitos das persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial

Liña estratéxica 5.2

Promover a mellora do estudo e da investigación das enfermidades profesionais, así como a detección e comunicación destas

Medidas

a	Profundar no estudo e investigación de enfermidades profesionais que se consideren prioritarias, analizando as súas causas, frecuencia e medidas de prevención
b	Desenvolver o circuío de comunicación de sospeita de sospeitas de enfermidades profesionais, coordinando as actuacións das distintas autoridades competentes, potenciando o sistema de comunicación e alerta das sospeitas dende atención primaria e dende os servizos de prevención, así como poñendo en marcha unha unidade especializada para asesoramento e mellora do análise e revisión de ditas sospeitas
c	Ampliar o nivel de coñecemento, e mellorar a prevención e a comunicación oficial do cancro de orixe laboral como enfermidade profesional
d	Desenvolver unha actuación coordinada entre a administración sanitaria e o ISSGA para evitar a repercusión dos custes das enfermidades profesionais e das enfermidades relacionadas co traballo no sistema público de saúde
e	Promover e facilitar o intercambio de información entre o ISSGA e a administración sanitaria autonómica, co fin de completar a investigación das enfermidades profesionais

**Liña estratéxica
5.3**
Promover unha vixilancia da saúde máis eficiente
Medidas

- | | |
|---|---|
| a | Promover o estudo da epidemioloxía das enfermidades profesionais, e a investigación sobre saúde laboral |
| b | Elaborar criterios homoxéneos de avaliación das actuacións de carácter sanitario que realizan os servizos de prevención nas empresas |
| c | Elaborar e actualizar guías de vixilancia da saúde e protocolos, acordes co estado actual da evidencia científica e normativa, e definir indicadores de vixilancia da saúde laboral |
| d | Promover a vixilancia da saúde post-ocupacional, en particular profundar a implantación de programas específicos en colaboración co ISSGA, as autoridades laboral e sanitaria e o Servizo Galego de Saúde, deseñando e implementando plans especiais para as persoas traballadoras que estiveron expostas a canceríxenos, en especial ao amianto e sílice |
| e | Promover a colaboración dos servizos de prevención e mutuas colaboradoras de seguridade social coa administración sanitaria e laboral |
| f | Establecer criterios para garantir o acceso dos traballadores e traballadoras a súa historia clínico-laboral en caso de cese na empresa ou cambio de servizo de prevención, de forma que todos os documentos relativos a súa saúde que se conteñan nos expedientes dos traballadores e traballadoras se acheguen ás autoridades laboral, que os trasladará á sanitaria, garantíndose en todo caso a protección de datos de carácter persoal |
| g | Comprobar a realización das actividades de vixilancia da saúde, fomentando a realización de recoñecementos médicos específicos que en cada caso sexan pertinentes |

**Liña estratéxica
5.4**
Xestión da prevención nas Pemes e microempresas
Medidas

- | | |
|---|--|
| a | Potenciar accións que promovan e consoliden a cultura preventiva nas Pemes e microempresas |
| b | Desenvolver e difundir instrumentos que faciliten a coordinación de actividades empresariais |
| c | Fomentar nas Pemes e microempresas a implantación de sistemas de xestión e a súa certificación |
| d | Implementar programas de incentivos e estímulos no eido da prevención de riscos laborais, fomentando a renovación dos equipos de traballo, potenciando a substitución de equipos antigos por outros máis modernos (por exemplo mediante subvencións para a modernización dos equipos: plan renove), propoñendo medidas facilitadoras da aplicación |

	de “bonus” nas cotizacións, apoio económico para a innovación tecnolóxica en prevención de riscos laborais: instalacións, edificacións, equipos de traballo, vehículos, procesos produtivos, etc
e	Fomentar a implantación dos Regulamentos REACH e CLP, mediante asesoramento técnico especializado
f	Crear un repositorio dos distintos recursos destinados á prevención de riscos laborais (ferramentas, aplicacións, estudos, etc) e realizados con financiación pública, para a mellora das condicións de traballo nas Peme e microempresas e poñelos ao seu dispor
g	Implementar accións dirixidas á xestión da prevención no proceso produtivo integrado en todos os seus aspectos, poñendo a disposición das empresas aquelas ferramentas que poidan facilitar o desenvolvemento das actividades preventivas ao mesmo tempo que fomentar a integración da prevención nas distintas actividades da empresa
h	Fomentar a cultura da saúde potenciando hábitos saudables no ámbito laboral, en colaboración do ISSGA, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde
i	Promover acordos entre as empresas e os servizos de prevención para incluír a avaliación do patrón da actividade física, o sedentarismo, a condición física saudable e o patrón alimentario na vixilancia da saúde e incentivar a súa mellora

OBXECTIVO 6: POTENCIAR UNHA FORMACIÓN DE CALIDADE EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E A CONSOLIDACIÓN DUNHA CULTURA PREVENTIVA NA SOCIEDADE GALEGA

**Liña estratéxica
6.1**

Consolidar a integración da formación en prevención de riscos laborais nas diferentes etapas do sistema educativo

Medidas

- a Propoñer e adoptar medidas complementarias orientadas á incorporación e integración da formación en prevención de riscos laborais en todas as etapas no sistema educativo, universitarias e non universitarias, e implantar programas de sensibilización en educación primaria, secundaria e bacharelato, complementándoa coa sensibilización en idades temperás a través da Escola Galega de Prevención, dependente do ISSGA, ou outras entidades formativas
- b Promover que o alumnado de formación profesional reciba a formación básica en prevención de riscos laborais antes de iniciar as súas prácticas nas empresas, incluíndo contidos transversais e específicos nos distintos graos deste nivel educativo
- c Promover a incorporación da materia de prevención de riscos laborais, como materia de carácter transversal, naqueles graos universitarios cuxos profesionais asumen, pola natureza do grao, competencias propias en materia de prevención de riscos laborais
- d Promover a creación e fomentar o funcionamento de grupos de traballo co fin de integrar a formación en prevención de riscos laborais no sistema educativo galego, adaptando a formación regrada ás esixencias do mercado actual

**Liña estratéxica
6.2**

Deseñar e potenciar a formación de colectivos específicos

Medidas

- a Apoiar a formación específica de determinados colectivos especiais (como traballadores temporais, mozos e traballadores de máis idade, mulleres embarazadas ou en período de lactación, persoas con discapacidade, etc)
- b Promover a formación para a capacitación das persoas traballadoras e do empresariado e a actualización continua dos técnicos de prevención
- c Favorecer a formación preventiva dos delegados e delegadas de prevención e dos/as membros de Comités de Seguridade y Saúde, así como a doutras figuras que teñan atribuídas funcións en materia de prevención de riscos laborais
- d Desenvolver actividades formativas para traballadores/as autónomos/as
- e Promover actividades de formación en saúde laboral e enfermidades profesionais para os profesionais sanitarios do Sistema Nacional de Saúde, incorporando a saúde laboral na formación do persoal de atención primaria e outros profesionais da saúde

f	Promover a incorporación nos certificados de profesionalidade dos contidos en materia de prevención e riscos laborais que acrediten os coñecementos de nivel básico, sempre que na cualificación profesional de referencia figuren competencias profesionais ligadas a este nivel
g	Incluír como módulo transversal o curso "Básico de prevención de riscos laborais (60 horas de duración) na convocatoria de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia
h	Potenciar a oferta de prazas de médicos internos residentes (MIR) da especialidade de medicina do traballo
i	Potenciar a formación específica en promoción da actividade física dos responsables da medicina do traballo, da prevención de riscos laborais e de recursos humanos
j	Garantir a accesibilidade universal nas accións formativas en materia de prevención de riscos laborais, de xeito que se garantan os dereitos das persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial
k	Establecer liñas de formación permanentes para a formación de grupos específicos (empresariado, delegados e delegadas de prevención, traballadores/as autónomos/as, técnicos/as de prevención, profesionais de ámbitos non preventivos, etc)
l	Establecer criterios ou recomendacións para as Peme e microempresas para a formación "axeitada e suficiente" que esixe a normativa en prevención de riscos laborais

Liña estratéxica 6.3

Consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega mediante actuacións de sensibilización e concienciación

Medidas

a	Realizar campañas destinadas á concienciación y sensibilización en materia de seguridade e saúde no traballo, destinadas á sociedade en xeral e aos colectivos laborais con maior sinistralidade laboral en particular
b	Publicar e divulgar guías de boas prácticas en prevención de riscos laborais enfocadas tanto ao empresariado como ás persoas traballadoras, así como ao conxunto da sociedade, dirixidas a crear hábitos preventivos no ámbito laboral
c	Utilizar foros de encontro sociais para difundir a cultura preventiva, nos diferentes eidos da actividade económica
d	Desenvolver campañas de sensibilización no ámbito laboral sobre os beneficios da práctica regular de actividade física para todas as persoas que forman parte das empresas
e	Promover acordos entre as empresas e empresas da rama da actividade física e saúde para ofrecer prezos vantaxosos para os traballadores e traballadoras e para o

	empresariado
f	Posta en marcha e promoción de campionatos de deporte laboral
g	Sensibilizar sobre prevención de riscos laborais ao empresariado e ás persoas traballadoras do sector primario, atendendo ás súas características particulares, en especial á actividades pesqueira, agrogandeira e forestal

**Liña estratéxica
6.4**

Sensibilización, promoción e incentivación da seguridade e saúde no traballo

Medidas

a	Utilizar as tecnoloxías da información e comunicacións (TIC) e as tecnoloxías da aprendizaxe e a comunicación (TAC), para chegar de maneira máis eficaz á cidadanía: Utilización da web 2.0, redes sociais, difusión de alertas puntuais vía e-mail ou web, etc
b	Realizar campañas de sensibilización, promoción e incentivación en materia de seguridade e saúde no traballo, implicando aos interlocutores sociais e os medios de comunicación, apoiándose na publicación de guías de boas prácticas neste eido
c	Fomentar e promover a través de campañas específicas, o coñecemento sobre os efectos da prevención de riscos laborais na competitividade e rendibilidade da empresa, de xeito que a prevención sexa percibida como factor estratéxico de calidade e traballo ben feito
d	Consolidar a participación en eventos como o Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo (28 de abril), a Semana Europea da Seguridade e Saúde no Traballo; congresos, feiras e outras actividades relacionadas coa seguridade e saúde no traballo
e	Organizar e participar en xornadas, seminarios e outro tipo de foros de encontro co fin de divulgar a importancia da prevención de riscos laborais
f	Editar e publicar documentos técnicos, guías, manuais de boas prácticas, trípticos, carteis, etc., sobre temas relacionados coa prevención de riscos laborais e a seguridade e saúde no traballo
g	Promover a distribución de contidos a medios de comunicación e dispoñer periodicamente dun espazo destinado á seguridade e saúde no traballo na prensa escrita (tradicional e dixital), fomentando a presenza da prevención de riscos laborais nos medios de comunicación con información rigorosa e mensaxes de carácter pedagóxico
h	Incluír artigos de prevención de riscos Laborais en revistas especializadas ou sectoriais
i	Impulsar a xeración de contidos para os medios de comunicación, que acheguen unha visión positiva da prevención
j	Promover a prevención de riscos laborais en lugares de venda de máquinas, ferramentas e equipos de traballo e de protección, como poden ser grandes superficies ou comercios máis especializados: Insertar nos puntos de venda información sobre seguridade e saúde

	no traballo visual e de fácil comprensión (carteis, trípticos, etc.) e implicar aos vendedores na campaña de difusión
k	Realizar campañas sobre os dereitos laborais e as obrigas empresarias en materia de prevención de riscos e saúde laboral, así como sobre as correspondentes obrigas das persoas traballadores, técnicos/as en prevención, e delegados/as de prevención
l	Lanzar unha estratexia de divulgación e comunicación en prevención de riscos laborais deseñada e planificada cos interlocutores sociais

**Liña estratéxica
6.5****Promover espazos seguros e saudables no contorno laboral****Medidas**

a	Desenvolver actividades de promoción da saúde no lugar de traballo no marco da Rede Europea de Promoción da Saúde no Traballo (PST)
b	Identificar e difundir boas prácticas para a promoción da saúde mental no lugar de traballo
c	Promover a difusión de modelos de boas prácticas en materia de creación de espazos saudables nas empresas galegas

AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN GALICIA 2011-2014

O Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014 forma parte dos acordos asinados o 30 de xullo de 2010 na Mesa Xeral do Diálogo social en Galicia, configurándose como o instrumento para establecer as bases do desenvolvemento das políticas relacionadas coa seguridade e saúde no traballo en Galicia, tanto actuais como futuras nese horizonte temporal.

Tomando como referencia de partida a Estratexia española de seguridade e saúde no traballo 2007-2012, que orientaba as iniciativas e a elaboración da normativa na materia a nivel estatal, e despois dunha diagnose na que se analizaron a situación sociolaboral, a estrutura produtiva, a organización do sistema preventivo nas empresas, a sinistralidade a exposición e natureza dos riscos, e os aspectos positivos da prevención dos riscos laborais en Galicia, formuláronse seis obxectivos estratéxicos:

1. Promoción e control dun mellor e máis eficaz cumprimento da normativa.
2. Incremento da calidade e eficacia dos sistemas de prevención nas empresas.
3. Fortalecer a implicación das institucións e de todos os actores na mellora da seguridade e saúde no traballo. Reforzar as institucións dedicadas á prevención de riscos laborais e a colaboración e coordinación entre elas.
4. Potenciar a formación en materia de prevención de riscos laborais.
5. Introducir e consolidar a cultura da prevención na sociedade galega.
6. Mellorar o nivel do coñecemento, análise e investigación en materia de seguridade e saúde no traballo.

Estes obxectivos desenvólvense en liñas estratéxicas nas que se concretan 85 accións máis concretas a realizar nas distintas áreas relacionadas coa seguridade e saúde no traballo.

A xestión e a coordinación das políticas establecidas polos poderes públicos de Galicia nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo, correspóndenlle ao ISSGA. Por iso, unha grande parte das actuacións do Plan son executadas directamente por este instituto, ou potencia o seu desenvolvemento por, ou en colaboración con outras partes. Isto ten o seu reflexo nos seus plans anuais de actuación, que definen as liñas de traballo e as actuacións técnicas que desenvolve en cada exercicio, e nos que se vincula cada unha delas co obxectivo e liña estratéxica aos que da cumprimento.

O Plan estratéxico non inclúe indicadores nin obxectivos cuantitativos respecto das medidas propostas. Polo tanto, para a realización desta avaliación, faise unha revisión de cada unha das liñas, de xeito que se pon de manifesto a realización das actuacións previstas e os resultados obtidos, principalmente en relación coas actividades desenvolvidas polo ISSGA nos anos 2011 a 2014, pero tamén a través doutras entidades con competencias en materia de prevención de riscos laborais.

Obxectivo 1: Promoción e control dun mellor e máis eficaz cumprimento da normativa

Liña 1: Actuacións na Administración autonómica

Aínda que o cumprimento das obrigas que establece a Lei de Prevención de riscos laborais e as súas normas de desenvolvemento reside na actuación dos servizos de prevención, desenvolvéronse actuacións de apoio a estes, de carácter transversal, para potenciar o seu labor.

Así, co obxecto de facilitar a integración da prevención no seo da Administración local, e dado que o reducido tamaño de moitos concellos aconsella prestarlles un apoio formativo e informativo, elaborouse un manual de contidos de prevención de riscos laborais para entidades locais, actualmente na web do ISSGA, que consta de dúas partes, a primeira con conceptos xenéricos sobre prevención de riscos laborais, e a segunda con contidos específicos de prevención nas obras de construción dende o punto de vista destas administracións.

No seo da Administración autonómica, onde as actividades da xestión da prevención as desenvolven os servizos de prevención propios, o ISSGA desenvolveu accións formativas de apoio coa realización de dous cursos “on-line” para persoal de emerxencias (61 persoas) e un semipresencial para a Policía autonómica (45 alumnos), por medio da Axencia Galega de Seguridade Pública (AGASP), e dous máis para persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, cos contidos de nivel básico expresados no Anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención, de 60 horas.

As accións formativas desenvolvéronse ao abeiro de acordos marco e convenios de colaboración subscritos polo ISSGA coa Federación Galega de Municipios de Provincias (FEGAMP), Escola Galega de Administración Pública (EGAP), e AGASP. A maiores, para unha mellor coordinación interadministrativa, asinou acordos de colaboración coas Consellerías de Sanidade e Innovación e Industria, e a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Por outra banda, para mellorar a xestión da prevención, e tendo en conta que a avaliación dos riscos psicosociais é un aspecto, en xeral, pouco desenvolvido pola súa complexidade ou mesmo conflictividade, o ISSGA desenvolveu en colaboración co Servizo de prevención da Xunta un programa “piloto”, realizando este tipo de avaliacións en catro centros da actual consellería de Política Social, un por provincia, aplicando dúas metodoloxías distintas, cara a determinar cal delas é a mais axeitada para este tipo de avaliación en función do tipo de centro.

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade impulsou actividades dentro do Plan de Drogodependencias, a través de programas de prevención de drogodependencias e trastornos aditivos, proxectos e actividades xestionadas a nivel laboral. Durante os anos de vixencia do Plan estratéxico desenvolveuse o programa “Ao Alcance”, aínda en desenvolvemento, que conta cun manual e unha guía para empresas interesadas en promover programas de prevención fronte as drogodependencias, e outra guía informativa para traballadores “Os traballadores fronte ao alcohol e outras drogas”. As persoas destinatarias deste programa son empresarios, responsables de departamentos de recursos humanos, representantes sindicais, profesionais dos equipos de saúde laboral e técnicos de prevención de riscos laborais, todos eles como poboación mediadora sendo a poboación final, os traballadores.

Liña 2. Asesoramento sobre o cumprimento da normativa e a integración

O cumprimento da normativa en materia de seguridade e saúde no traballo é clave para a redución dos danos e a mellora das condicións de traballo, pero reviste dificultade, especialmente para as Pemes e microempresas pola súa amplitude e complexidade. Unha das funcións do ISSGA é prestarlles ás empresas, con especial atención ás Pemes, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

En concreto, nos anos 2011 a 2014 realizáronse diversas xornadas técnicas e seminarios sobre modificacións normativas ou novas disposicións, organizadas directamente polo ISSGA ou en colaboración con outras entidades relacionadas co eido da prevención, ao tempo que na súa web mantense actualizado o relatorio normativo no apartado “Documentación”.

Asesórase a empresas e persoas traballadoras, de xeito directo, coa reposta a consultas (11.579 directas, 1.720 escritas) ou mediante o asesoramento relacionado con aspectos concretos da xestión preventiva de xeito transversal, como por exemplo o programa de protección das traballadoras embarazadas con 921 asesoramentos ou o de seguridade viaria con 480 actuacións, ou sectorial, como o programa de asesoramento en pequenas obras de construción con 1472 visitas a obra no período ou as campañas desenvolvidas polo ISSGA para a difusión dos requirimentos da normativa fronte aos riscos derivados do amianto, que se dirixiron aos 423 administradores de fincas colexiados, ás 334 empresas de reparación e montaxe de cubertas, demolicións de edificios e construcións diversas e a 17 asociacións de profesionais diversos que poden estar expostos a ditos riscos. Tamén se fixo fincapé no sector primario, con campañas específicas para mellorar a calidade da prevención no ámbito rural que incluíron a elaboración de material divulgativo específico para o sector, así como campañas de información e sensibilización.

Liña 3: Accións para a mellora do cumprimento normativo

Préstase especial énfase ao asesoramento nas empresas onde se producen os maiores índices de sinistralidade, nas que se acompaña de actuacións de control. Deste xeito, os Programas de loita contra a sinistralidade absoluta ou recorrente e contra os accidentes por sobreesforzos

comportaron, respectivamente, 1.155 e 623 actuacións, e os técnicos habilitados, con funcións máis específicas de control das condicións de traballo, sumaron 3.577 actuacións. Investigáronse 225 accidentes no mesmo período, ao abeiro do protocolo de colaboración coa fiscalía, a grande maioría de carácter grave e mortais.

Nesta liña, realízanse a maiores actuacións de carácter sectorial que abranguen ás actividades de maior e máis grave sinistralidade laboral; así, nos plans sectoriais da construción de grandes obras e obra civil, desenvolvéronse 1.438 actuacións no período, outras 540 nos programas específicos do sector pesqueiro e 363 na prevención por risco de sílice na transformación da pedra natural e traballos con compactos de cuarzo.

Obxectivo 2: Incremento da calidade e eficacia dos sistemas de prevención nas empresas

Liña 1: Mellora dos recursos propios para a prevención

De entre as modalidades de organización previstas pola lei, a maioría das empresas optaron por externalizar totalmente a súa actividade preventiva, delegando nun ou varios servizos de prevención alleos a propia organización da xestión da prevención de riscos laborais na súa entidade. A externalización dificulta a integración da prevención e, en consecuencia, a súa eficiencia. En consecuencia, é importante potenciar un sistema preventivo centrado na incentiación e o máximo aproveitamento dos recursos propios da empresa.

Para que as empresas poidan asumir funcións preventivas, o seu persoal debe ter a cualificación necesaria. O ISSGA impartiu, durante a vixencia do Plan estratéxico, 48 cursos básicos de prevención de 35 horas, 16 de 60 horas nas modalidades semipresencial e en liña e 3 cursos básicos de prevención de riscos laborais de 50 horas. Tamén se impartiron cursos e talleres de prevención de riscos laborais específicos para o sector primario e para o sector da construción. Por outra banda, organizáronse múltiples xornadas técnicas cuxos asistentes son, maioritariamente, empresarios, delegados de prevención e técnicos e persoal sanitario dos servizos de prevención.

Liña 2: Servizos de prevención externos

Cara á implantación de criterios de calidade para garantir que os servizos de prevención externos avancen cara á prestación dun servizo homoxéneo e de calidade no ámbito da nosa comunidade, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social implantou o sistema telemático SERPA para o rexistro dos servizos de prevención alleos, nos que figuran os datos relevantes cara á comprobación das rateos e criterios establecidos legalmente polos Reais decretos 337/2010, de 19 de marzo, e 843/2011, de 17 de xuño, así como pola Orde TIN/2504/2010.

Polo que respecta á coordinación das actuacións das administracións laboral, sanitaria e Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) nos procedementos de acreditación e de control de servizos de prevención alleos, o ISSGA realizou 10 informes sobre servizos de prevención.

A Consellería de Sanidade levou a cabo un circuíto de comunicación de sospeita de enfermidades profesionais. Realizouse un circuíto consensuado de remisión das sospeitas de enfermidades profesionais a través da páxina web da Dirección Xeral de Xestión e Innovación da Saúde Pública.

Liña 3: Sobre entidades formativas e auditoras

No que respecta ao seguimento e control de calidade das condicións de acreditación e de desenvolvemento da actuación das empresas autorizadas en Galicia para realizar auditorías e formación en prevención de riscos laborais, elaboráronse 99 informes sobre este tipo de entidades cara á autorización do seu funcionamento.

Obxectivo 3: Fortalecer a implicación das institucións e de todos os actores na mellora da seguridade e saúde no traballo. Reforzar as institucións dedicadas á prevención de riscos laborais e a colaboración e coordinación entre elas

Liña 1: Favorecer a participación dos interlocutores sociais e económicos

O importante labor que veñen desenvolvendo as organizacións empresariais e sindicais na mellora das condicións de traballo reforzouse mediante o establecemento de liñas de axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais, convocadas pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, (Ordes do 30.12.2010, 30.12.2011, 30.04.2013 e 21.03.2014) cun orzamento de 5.969.672 euros, fundamentalmente para accións formativas, informativas e de divulgación. Como consecuencia, o ISSGA participou neste período en xornadas técnicas organizadas por: Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, UGT Galicia, CIG, USO, CEG, CEC, CEL, CEO, CEP, ASIME, a Asociación Empresarios de Polígono de San Cibrao das Viñas, e outras asociacións empresariais de carácter sectorial, como a Asociación de Armadores do Porto de Celeiro, ACO e APECCO.

Por outra banda, para fomentar a actuación conxunta de asociacións empresariais e sindicais e a Administración, na mellora das condicións de traballo de colectivos específicos e de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos, constituíronse, no seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, os grupos de traballo da Sílice e o amianto, e no ISSGA, un para establecer as actuacións en materia de prevención de riscos laborais no ámbito educativo e outro para a avaliación da situación dos Comités provinciais de seguridade e saúde no traballo, ademais da Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais. En todos estes grupos de traballo participan representantes da administración e dos interlocutores sociais.

A Consellería de Sanidade participou en varias xornadas técnicas, como é caso da xornada de CCOO “Cáncer cero no traballo: químicos e riscos emerxentes”, ou a xornada da CEG “Aspectos de actualidade en PRL a debate. Enfermidades profesionais. Recursos dos servizos de prevención”. Así mesmo desenvolvéronse reunións coa Asociación Agavida, co fin de coordinar accións conxuntas para a avaliación das actuacións levadas a cabo polo programa de asistencia

aos afectados pola exposición ao amianto tanto no Servizo Galego de Saúde como no programa de expostos de VIXIA; e coa Asociación Osílice, co fin de avaliar as actuacións a realizar de colaboración con esta asociación para mellorar as actuacións da administración en relación a este colectivo de afectados pola exposición ao sílice.

Liña 2: Colaboración e coordinación entre Administracións

No ámbito nacional, a colaboración coa Administración Xeral do Estado e con outras comunidades autónomas, nos órganos de participación en materia de Seguridade e Saúde no Traballo, céntrase fundamentalmente na presenza e participación nos grupos de traballo do Comité Técnico Mixto Ministerio de Emprego e Seguridade Social-Comunidades Autónomas, e os da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo nos que, ademais das administracións mencionadas teñen representación os interlocutores sociais. A Xunta de Galicia está representada en todos os grupos que están en funcionamento actualmente.

No ámbito autonómico, para establecer procedementos de actuación e colaboración, en materia de saúde laboral entre os distintos órganos da Xunta con competencias na materia, mais aló do feito de que están representados na Comisión de Goberno do ISSGA, e ao abeiro dos acordos asinados por este coas Consellerías de Sanidade e Innovación e Industria que se mencionaron na liña 1 do obxectivo 1, a colaboración materializouse na realización de estudos epidemiolóxicos en canteiras e no intercambio de información diversa coa autoridade sanitaria: sobre sinistralidade laboral, comunicación de deficiencias nas actividades sanitarias dos servizos de prevención, intercambio de datos de vixilancia da saúde laboral dos traballadores, rexistro e seguimento dos traballadores con risco por exposición ao amianto, e sobre deficiencias nas fichas de datos de seguridade de substancias e produtos con risco químico. Desenvolveuse tamén un circuío de comunicación da sospeita de enfermidade profesional, consonte ao artigo 5 do Real decreto 1299/2006, a disposición na web da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (DXIXSP), e creouse unha unidade central de saúde laboral da administración sanitaria de Galicia (UCSLAS) que, ademais de actuar como órgano de asesoramento dentro da propia administración sanitaria en temas de saúde laboral, actúa como punto de contacto con outros departamentos administrativos implicados na saúde laboral e tamén coas sociedades científicas.

Neste marco de intercambio de información entre administracións, o ISSGA asinou un acordo coa Dirección Xeral de Ordenación da seguridade Social para a cesión de datos contidos no modelo de parte do sistema de comunicacións de enfermidades profesionais.

A Consellería de Sanidade participou no ámbito nacional, colaborando activamente cos órganos de participación en materia de seguridade e saúde no traballo coa Administración Xeral do Estado e con outras comunidades autónomas, mediante a súa participación como membro da ponencia de saúde laboral da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Por outra banda, a Consellería de Sanidade creou unha Unidade Central de Saúde Laboral da Administración Sanitaria de Galicia (UCSLAS) dentro da administración sanitaria, co fin de

facilitar a coordinación dentro de sanidade e servir de posta en común dos aspectos competenciais laborais sanitarios. O obxecto desta unidade é coordinar as actuacións en saúde laboral dentro da Consellería de Sanidade, co fin de cumprir as competencias que indica a lexislación laboral.

Así mesmo, cómpre destacar a colaboración entre o ISSGA e a Consellería de Sanidade no procedemento de comunicación de sospeita de enfermidades profesionais e no programa de vixilancia de expostos ao amianto. Asemade, asinouse un acordo de colaboración entre estas dúas entidades para o intercambio de información sobre os riscos laborais ao amianto.

Liña 3. Promover a colaboración doutros actores

Ademais das colaboracións mencionadas na liña 1 deste mesmo obxectivo, producíronse outras con diversas asociacións profesionais, servizos de prevención e empresas, de xeito que con algunhas delas existe unha colaboración permanente, sobre todo en actividades formativas; así, con Gas Natural Fenosa, Fremap, Mutua Universal e Aprosál (Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia) realízanse todos os anos múltiples cursos e xornadas nos centros do ISSGA, aos que caben engadir outras colaboracións puntuais con organizacións e empresas como a Cámara Oficial Mineira de Galicia, a Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais, Formega, Aclunaga, Fundamar, BEGASA-EON, GKN Driveline, PSA Citroen, Bureau Veritas, Hermanos Fraguas, etc.

Tamén se creou unha plataforma técnica en saúde laboral, na que participan os axentes económicos e sociais, a administración (ISSGA, Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e Inspección de Traballo) e as sociedades científicas máis representativas da medicina do traballo e da atención primaria, que serve de punto de intercambio e de achegas para o desenvolvemento dun sistema de información en saúde laboral, consonte ao mandado no artigo 33 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeral de Saúde pública. O obxectivo desta plataforma é achegar esforzos para a realización dun dos obxectivos do proxecto de saúde laboral da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, que é a realización e posta en funcionamento do sistema de información en saúde laboral.

Pola súa Banda a Consellería de Sanidade desenvolveu un proxecto de estilos de vida activos no ámbito laboral, realizándose o proxecto piloto para o persoal dos servizos centrais da propia consellería. Esta consellería tamén asinou un acordo marco de colaboración e PSA Peugeot Citroën e T Citroën, co fin de realizar estudos en saúde, avaliación do estilo de vida, antropometría, composición corporal e avaliación da condición física e avaliación de factores de risco. Por outra parte, dende esta consellería facilítase a adhesión ao Programa Galego de Vacinacións aos servizos de prevención propios que presten vixilancia da saúde e que teñan autorización de prestación de asistencia médico-farmacéutica, para constituírse como punto de vacinación.

Obxectivo 4: potenciar a formación en materia de Prevención de riscos laborais

Liña 1. Implantación transversal da PRL no sistema educativo

Para integrar a prevención de riscos laborais de forma transversal na formación regrada, e deseñar programas adaptados aos diferentes niveis educativos, precísase da realización dunha análise da situación actual na impartición de materias relacionadas coa prevención de riscos laborais e o concomitante diagnóstico de necesidades, así como mellorar a capacitación do profesorado.

No seo do ISSGA constituíse un grupo de traballo, participado por técnicos do Instituto, da Consellería de Educación e membros dos interlocutores sociais, para a realización da análise e o diagnóstico mencionados. Por outra banda, en 2011 impartíronse dous cursos semipresenciais de formación en prevención de riscos laborais para formadores da Consellería de Medio Rural e do Mar.

Creouse a Escola galega de prevención para a realización de actividades formativas de apoio ao ámbito do ensino, dirixida prioritariamente ás primeiras etapas deste, para as que se elaborou material didáctico diverso sobre prevención non só no ámbito laboral, senón tamén sobre os riscos no fogar e viarios, pero que tamén organizou actividades para outros ciclos, contando cun total de 1333 alumnos, pertencentes a 32 centros educativos.

Liña 2: Capacitación das persoas traballadoras e do empresariado

O desenvolvemento desta liña, concomitante coa liña 1 do obxectivo 2, basease na organización de cursos, tanto básicos como específicos, de xornadas técnicas e a elaboración de publicacións, dirixidos tanto a colectivos profesionais específicos (empresariado, persoal directivo e mandos, persoas traballadoras, delegados e delegadas de prevención, etc.), como a colectivos especiais (mulleres embarazadas ou en período de lactación, persoal traballador especialmente sensible), así como a impartición de formación sectorial sobre determinados riscos ou actividades concretas.

Dentro do primeiro grupo englóbanse os cursos básicos mencionados anteriormente (obxectivo 2, liña 1), organizados polo ISSGA, nos que participaron 3.253 alumnos. Para colectivos específicos de especial risco, impartíronse tres cursos básicos para bombeiros e policía, con 106 alumnos. Polo que se refire a aos de especial sensibilidade, organizáronse tres xornadas técnicas sobre xénero e prevención do risco laboral, e tres cursos básicos en liña para mozos monitores de tempo libre.

Finalmente, como formación sectorial, 14 cursos para o sector da construción (260 alumnos), 83 cursos no sector agrario ou agroforestal (1.349 alumnos) e 24 cursos ou talleres no sector pesqueiro (283 alumnos), ademais de diversas xornadas técnicas sobre construción, pesca, agricultura, sector forestal, amianto, sílice, risco químico, etc.

Liña 3: Formación continua de profesionais da prevención

Ademais das actividades encamiñadas á formación de formadores mencionadas na liña 1, esta desenvólvese fundamentalmente por medio de accións de actualización dos profesionais da prevención e persoal sanitario con responsabilidades en patoloxía laboral, así como da formación interna dos técnicos do ISSGA e outros técnicos en prevención da Xunta de Galicia.

No primeiro caso, organizáronse 101 xornadas técnicas nos centros provinciais do Instituto ás que concorreron 8.685 asistentes, e colaborouse en 296 actividades formativas de outras organizacións nas que participaron 11.733 asistentes; no que se refire á formación interna de técnicos, impartíronse 24 cursos diversos, con 556 asistentes.

Durante este período, editáronse diversas publicacións, tanto impresas como dixitais, e de índole diversa: carteis e trípticos de carácter informativo (amianto, produtos químicos, seguridade viaria, riscos no agro, na pesca, na hostalaría, etc.), guías didácticas apoio ás actividades formativas, guías básicas e de boas prácticas, estudos e análises específicos do observatorio galego de condicións de traballo, artigos e pósters científicos presentados a congresos, e publicacións técnicas diversas, dende o formato curto das follas de prevención (8 páxs.) ata tratados sectoriais de prevención (sector eléctrico, sector naval) ou estudos epidemiolóxicos, sen esquecer os anuarios estatísticos de sinistralidade laboral nin as enquisas de condicións de traballo en Galicia, de xestión da prevención nas empresas galegas, e da situación preventiva das empresas dos parques empresariais galegos.

Obxectivo 5. Introducir e consolidar a cultura da prevención na sociedade galega

Liña 1: Transversalizar a prevención nas políticas da Xunta

A calidade e o benestar no traballo non dependen só da política de seguridade e saúde. Por iso, a prevención de riscos laborais debe ser considerada como unha materia transversal que require de actuacións dende todos os ámbitos da Administración, que deben colaborar na difusión da cultura preventiva e facilitar a redución da sinistralidade laboral.

Por iso, ademais das accións de coordinación e colaboración mencionadas na liña 2 do obxectivo 3, a declaración institucional da Xunta con motivo da celebración, o 28 de abril, do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo, é un apoio formal á integración das políticas preventivas na política da Xunta de Galicia.

Liña 2: Accións de sensibilización e promoción

Por riba das actividades formativas referidas no obxectivo anterior, realízanse campañas informativas e de sensibilización, tanto no ámbito escolar, baseadas nos materiais elaborados pola Escola galega de prevención, como de carácter xeral e específico sobre os sectores de maior sinistralidade. Os carteis, trípticos e polípticos editados contribúen á promoción da prevención, polo que os pormenorizaremos aquí, aínda que xa se mencionaron antes.

O ISSGA reeditou dous trípticos sobre riscos por amianto, para empresas e traballadores da construción, e elaborou un novo de información para comunidades de propietarios, un cartel informativo e un políptico sobre a nova etiquetaxe dos produtos químicos, carteis e trípticos de prevención de riscos laborais por sobreesforzos no comercio e hostalaría e sobre a fatiga na condución, un tríptico sobre primeiros auxilios, tres sobre seguridade cos tractores, seguridade fronte aos praguicidas e a lei de prevención de riscos laborais no sector gandeiro, un cartel e tríptico de prevención dos trastornos musculoesqueléticos no marisqueo a pé, un folleto recordatorio con 21 fichas das boas prácticas no sector da pesca dende o embarque ata a chegada a porto, e un póster con recomendacións para traballar con seguridade co tractor, motoserra e rozadoira; estes dous últimos distribuíronse encartados na prensa diaria. Tamén se elaborou un folleto recordatorio con 11 fichas sobre boas prácticas na prevención de riscos laborais na extracción de recursos específicos na pesca: percebe e mergullo e un folleto recordatorio con 13 fichas para a prevención de risos laborais no uso de fertilizantes.

Xunto coa difusión do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo e da Semana Europea da seguridade e Saúde no Traballo, e a participación en diversos congresos e outros eventos relacionados co ámbito da prevención, a presenza da Xunta e do ISSGA cara á sensibilización social fronte aos riscos laborais é permanente.

Alén do ámbito específico da seguridade e saúde no ámbito laboral, desenvolvéronse accións de promoción da saúde no alcance definido pola OMS como estado de benestar non só físico, senón tamén psicolóxico e social. Neste senso o ISSGA organizou unha xornada técnica sobre este tema, e a Consellería de Sanidade desenvolve o proxecto “Estilos de vida activos no ámbito laboral” no ámbito da administración autonómica e asinou un acordo marco de colaboración con PSA Peugeot-Citroën para a promoción da saúde e o fomento de estilos de vida saudables.

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade tivo presenza en congresos e outros eventos relacionados co ámbito da prevención, tanto en xornadas como en congresos e reunións de carácter científico.

Obxectivo 6: mellorar ou nivel do coñecemento, análise e investigación en materia de seguridade e saúde no traballo

Liña 1: Adquisición e difusión da información

A creación do Observatorio galego de condicións de traballo no seo do ISSGA veu a dar cumprimento e esta liña estratéxica, de xeito que se garante a información periódica sobre sinistralidade (mensual) e enfermidades profesionais (trimestral) en Galicia, así como a publicación do anuario de sinistralidade laboral, que forma parte do Plan estatístico de Galicia. Coa realización das enquisas sobre condicións de traballo en Galicia e sobre a xestión da prevención nas empresas galegas, e a publicación dos resultados, adquiriuse unha información da que só se dispuña parcialmente mediante as enquisas realizadas a nivel estatal.

Por outra banda a investigación dos accidentes laborais (1.847 investigacións realizadas) e das enfermidades profesionais (1.416 investigadas), e a sistematización e informatización dos cuestionarios utilizados en cada un dos programas desenvolvidos polo ISSGA permitiu optimizar a análise da información recollida.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade colabora cos servizos de prevención de riscos laborais e coas mutuas, proporcionando información sobre a forma de actuación ou mediante a remisión de protocolos en moi variados aspectos como é o caso de escabiose ou gripe, por exemplo.

Os estudos sectoriais realizados en canteiras e conservas de peixe, os epidemiolóxicos na actividade do marisqueo a pé, percebeiros e redeiras, veterinarios e os mapas de risco químico e de riscos ergonómicos de Galicia permiten a adquisición e elaboración de información máis específica centrada en actividades concretas, para a elaboración de recomendacións e boas prácticas a transmitir aos sectores e os seus traballadores.

Liña 2: Análise da información

O Observatorio Galego de Condicións de Traballo completa a información mencionada na liña anterior con diversos estudos e análises específicos (sobre accidentes por sobreesforzos, non traumáticos, da poboación inmigrante, accidentes de tráfico, sectores feminizados, etc.), e para mellorar, tanto a calidade da información como a súa accesibilidade, dotouse dun sistema de información que permitiu consultas directas a través da web sobre os accidentes filtrando por distintas variables (gravidade, data, concello, etc).

As investigacións e estudos mencionados na liña anterior foron publicados, ben só dixitalmente ou tamén en edición impresa, e permitiron elaborar material didáctico e técnico, de carácter xeral ou sectorial, para a súa transmisión, tanto a traballadores como empresarios, técnicos e médicos con actividade profesional na prevención de riscos laborais.

A Consellería de Sanidade está a realizar un Sistema de Información en Saúde Laboral, que inclúe datos de enfermidades profesionais e de sospeita de enfermidades profesionais. Unha vez recuperados estes datos, realizaranse mapas de risco laboral que deben ser analizados pola Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, xunto co ISSGA, co fin de planificar as actuacións a realizar de forma conxunta, para consensuar a estratexia en saúde laboral de Galicia.

Liña 3: Investigación aplicada

O ISSGA participa na Rede de Institutos e Centros de Investigación en Seguridade e Saúde no Traballo, onde están representadas outras autonomías e o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, na elaboración estudos como sínteses da evidencia científica sobre aspectos concretos relacionados co risco laboral.

Por outra banda, ten asinados acordos de colaboración coas tres universidades de Galicia para desenvolver actividades, tanto de formación e divulgación, como de investigación en materia

preventiva. Tamén, en virtude dun convenio suscrito coa Consellería de Sanidade, o Instituto Carlos III e varias Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, colabora nunha unidade docente para a formación, en Galicia, de médicos na especialidade de medicina do Traballo.

Así mesmo o ISSGA e a Consellería de Sanidade teñen colaborado para a realización dos análises estatísticos en relación aos estudos epidemiolóxicos no marisqueo a pe no ano 2012, e en redeiras e percebeiros a pé no ano 2013.



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



XUNTA
DE GALICIA